

## Vibracións e ondas

Método e recomendacións [M.H.S.](#) e [ondas](#)

### ◊ PROBLEMAS

#### ● Resorte

1. A enerxía total dun corpo de masa 0,5 kg que realiza un movemento harmónico simple é  $6,0 \cdot 10^{-3}$  J e a forza máxima que actúa sobre el é 0,3 N.
- Escribe a ecuación da elongación en función do tempo, se no instante inicial atópase no punto de máxima elongación positiva.
  - Calcula no instante  $T/4$  a enerxía cinética e a enerxía potencial.
  - Acha a frecuencia coa que oscilaría se se duplica a súa masa.

(P.A.U. set. 16)

**Rta.:** a)  $x = 0,0400 \cos(3,87 t)$  (m); b)  $E_p = 0$ ;  $E_c = 6,0 \cdot 10^{-3}$  J; c)  $f' = 0,436$  Hz

#### **Datos**

Masa  
Forza recuperadora elástica máxima  
Enerxía mecánica  
Período de oscilación  
Posición inicial

#### **Cifras significativas: 3**

$m = 0,500$  kg  
 $F_m = 0,300$  N  
 $E = 6,00 \cdot 10^{-3}$  J  
 $T = 4,00$  s  
 $x_0 = A$

#### **Incógnitas**

Ecuación do movemento (frecuencia angular e amplitude)  
Enerxía potencial no instante  $T/4$   
Enerxía cinética no instante  $T/4$   
Frecuencia coa que oscilaría se se duplica a súa masa

$\omega, A$   
 $E_p$   
 $E_c$   
 $f'$

#### **Outros símbolos**

Amplitude  
Constante elástica do resorte  
Pulsación (frecuencia angular)  
Masa da partícula  
Elongación  
Amplitude (elongación máxima)

$A$   
 $k$   
 $\omega$   
 $m$   
 $x$   
 $A$

#### **Ecuacións**

Ecuación do movemento no M.H.S.  
Lei de Hooke: forza recuperadora elástica  
Enerxía cinética  
Enerxía potencial elástica  
Enerxía mecánica  
Relación entre a frecuencia angular e o período  
Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia  
Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$   
 $F = -k \cdot x$   
 $E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$   
 $E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$   
 $E = \frac{1}{2} k \cdot A^2$   
 $\omega = 2 \pi / T$   
 $\omega = 2 \pi \cdot f$   
 $k = m \cdot \omega^2$

#### **Solución:**

a) Exponse un sistema de dúas ecuacións para calcular dúas das incógnitas: a amplitude e a constante elástica do resorte. A enerxía mecánica elástica é  $E = \frac{1}{2} k \cdot A^2$ . A forza é máxima cando a elongación é igual á amplitude.

$$\left. \begin{array}{l} E = \frac{1}{2} k \cdot A^2 \\ F_m = k \cdot A \end{array} \right\} \left. \begin{array}{l} \frac{1}{2} k \cdot A^2 = 6,00 \cdot 10^{-3} \text{ J} \\ k \cdot A = 0,300 \text{ N} \end{array} \right\} \begin{array}{l} A = 0,040 \text{ 0m} \\ k = 7,50 \text{ N/m} \end{array}$$

A frecuencia angular calcúlase a partir da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{7,50 \text{ [N} \cdot \text{m}^{-1}]}{0,500 \text{ [kg]}}} = 3,87 \text{ rad/s}$$

A ecuación do M.H.S. é indistintamente  $x = A \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)$  ou  $x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi'_0)$  pero o valor da fase inicial depende da expresión.

Para calcular a fase inicial substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$\begin{aligned} 0,0400 \text{ [m]} &= 0,0400 \text{ [m]} \sin(3,87 \cdot 0 + \varphi_0) \\ \sin(\varphi_0) &= 1 \\ \varphi_0 &= \arcsen(-1) = \pi / 2 \text{ [rad]} = 1,57 \text{ rad} \end{aligned}$$

A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,0400 \sin(3,87 \cdot t + 1,57) \text{ [m]}$$

Esta ecuación é equivalente a:

$$x = 0,0400 \cos(3,87 \cdot t) \text{ [m]}$$

b) Para calcular a enerxía potencial, necesitamos coñecer a posición nese instante.

Calcúlase o período  $T$  de oscilación a partir da frecuencia angular.

$$\omega = 2\pi / T \Rightarrow T = \frac{2\pi}{\omega} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{3,87 \text{ [rad/s]}} = 1,62 \text{ s}$$

$$t = T / 4 = 1,62 \text{ [s]} / 4 = 0,405 \text{ s}$$

$$x = 0,0400 \cos(3,87 \cdot 0,405) = 0$$

Enerxía potencial para  $x = 0$  m:

$$E_p = k \cdot x^2 / 2 = 7,50 \text{ [N/m]} (0 \text{ [m]})^2 / 2 = 0$$

A enerxía cinética calcúlase a partir da enerxía mecánica, xa que a forza é conservativa.

Enerxía cinética para  $x = 0$  m:

$$E_c = E - E_p = 6,00 \cdot 10^{-3} \text{ [J]} - 0 \text{ [J]} = 6,00 \cdot 10^{-3} \text{ J}$$

c) Da ecuación que relaciona a constante elástica coa frecuencia angular pódese despegar a frecuencia.

$$\begin{aligned} k = m \cdot \omega^2 &= m (2\pi \cdot f)^2 = 4\pi^2 \cdot f^2 \cdot m \\ f &= \frac{1}{2\pi} \sqrt{\frac{k}{m}} \Rightarrow f = \frac{1}{2 \cdot 3,14} \sqrt{\frac{3,87 \text{ [N/m]}}{2 \cdot 0,500 \text{ [kg]}}} = 0,436 \text{ s}^{-1} \end{aligned}$$

A frecuencia é inversamente proporcional á raíz cadrada da masa. Se a masa se duplica, a frecuencia diminúe nun factor  $\sqrt{2}$ .

2. Unha masa de 0,5 kg está unida ao extremo dun resorte (de masa desprezable) situado sobre un plano horizontal, permanecendo fixo o outro extremo do resorte. Para estirar o resorte unha lonxitude de 4 cm requírese unha forza de 5 N. Déixase o sistema masa-resorte en liberdade. Calcula:

- O traballo realizado pola forza elástica desde a posición inicial  $x = 4$  cm ata a súa posición de equilibrio  $x = 0$ .
- O módulo da velocidade da masa cando se atopa a 2 cm da súa posición de equilibrio.
- A frecuencia de oscilación do citado resorte se inicialmente estírase 6 cm.

(P.A.U. set. 15)

**Rta.:** a)  $W = 0,100 \text{ J}$ ; b)  $|v_2| = 0,548 \text{ m/s}$ ;  $f = 2,52 \text{ Hz}$

#### Datos

Masa  
 Alongamento do resorte  
 Forza necesaria para alargar o resorte 4 cm  
 Amplitude  
 Posición para calcular a velocidade  
 Amplitude se se estira 6 cm

#### Cifras significativas: 3

$m = 0,500 \text{ kg}$   
 $x = 4,00 \text{ cm} = 0,0400 \text{ m}$   
 $F_a = 5,00 \text{ N}$   
 $A = 4,00 \text{ cm} = 0,0400 \text{ m}$   
 $x_2 = 2,00 \text{ cm} = 0,0200 \text{ m}$   
 $A_6 = 6,00 \text{ cm} = 0,0600 \text{ m}$

**Incógnitas**Traballo da forza elástica desde  $x = 4$  cm ata a orixe $W$ Módulo da velocidade para  $x = 2$  cm $|v_2|$ Frecuencia da oscilación se  $A = 6$  cm $f$ **Ecuacións**

Traballo dunha forza conservativa

 $W = -\Delta E_p$ 

Energía potencial elástica

 $E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$ 

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

 $F = -k \cdot x$ 

Energía cinética

 $E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$ 

Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

 $k = m \cdot \omega^2$ 

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

 $\omega = 2 \pi \cdot f$ **Solución:**

a) O traballo que realiza unha forza conservativa como a forza elástica é igual e de signo contrario á variación de enerxía potencial. Para calcular a enerxía potencial elástica é necesario coñecer a constante elástica do resorte.

Calcúlase a constante elástica do resorte na situación de equilibrio, cando os valores da forza aplicada e a forza elástica son iguais:

$$F_a = k \cdot \Delta x \Rightarrow k = \frac{F_a}{\Delta x} = \frac{5,00 \text{ [N]}}{0,040 \text{ [m]}} = 125 \text{ N/m}$$

A enerxía potencial na orixe é nula  $E_{p0} = 0$ .

A enerxía potencial no punto no que  $x = 4$  cm vale:

$$E_{p4} = k \cdot x^2 / 2 = 125 \text{ [N/m]} (0,0400 \text{ [m]})^2 / 2 = 0,100 \text{ J}$$

O traballo da forza elástica desde  $x = 4$  cm ata a orixe vale:

$$W = -\Delta E_p = -(E_{p0} - E_{p4}) = E_{p4} = 0,100 \text{ J}$$

*Análise: A forza recuperadora elástica realiza un traballo positivo porque ten o mesmo sentido que o desprazamento: cara á orixe.*

b) Calcúlase a velocidade aplicando o principio de conservación da enerxía, porque a única forza (elástica) é conservativa,

$$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_2 \\ \frac{1}{2} m \cdot v_1^2 + \frac{1}{2} k \cdot x_1^2 = \frac{1}{2} m \cdot v_2^2 + \frac{1}{2} k \cdot x_2^2$$

Multiplícase todo por 2 e substitúense valores, tomando como punto 1 o de  $x = 4$  cm e como punto 2 o de  $x = 2$  cm.

$$0,500 \text{ [kg]} \cdot 0^2 + 125 \text{ [N/m]} (0,0400 \text{ [m]})^2 = 0,500 \text{ [kg]} \cdot v_2^2 + 125 \text{ [N/m]} (0,0200 \text{ [m]})^2$$

$$|v_2| = \sqrt{\frac{125 \text{ [N/m]} (0,040 \text{ m} - 0,020 \text{ m})^2}{0,500 \text{ kg}}} = 0,548 \text{ m/s}$$

c) A frecuencia, que se obtén da frecuencia angular ou pulsación, é independente da amplitude, só depende da masa e da constante elástica do resorte:

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{125,0 \text{ [N/m]}}{0,500 \text{ [kg]}}} = 15,8 \text{ rad/s}$$

$$\omega = 2 \pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{15,8 \text{ [rad/s]}}{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}} = 2,52 \text{ s}^{-1}$$

3. Unha masa de 200 g está unida a un resorte e oscila nun plano horizontal cun movemento harmónico simple (M.H.S). A amplitude do movemento é  $A = 40$  cm, e a elongación no instante inicial é  $x = -40$  cm. A enerxía total é 8 J. Calcula:

a) A constante elástica do resorte.

- b) A ecuación do M.H.S.  
 c) A velocidade e aceleración máximas, indicando os puntos da traxectoria nos que se alcanzan devanditos valores.

(P.A.U. xuño 15)

**Rta.:** a)  $k = 100 \text{ N/kg}$ ; b)  $x = 0,400 \text{ sen}(22,4 t + 4,71) \text{ [m]}$ ; c)  $v_m = 8,94 \text{ m/s}$ ;  $a_m = 200 \text{ m/s}^2$

**Datos**

Masa que realiza o M.H.S.

Amplitude

Elongación inicial

Energía mecánica

**Incógnitas**

Constante elástica do resorte

Ecuación do movemento (frecuencia angular e fase inicial)

Velocidade máxima

Aceleración máxima

**Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.

Energía mecánica

Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

**Cifras significativas: 3** $m = 200 \text{ g} = 0,200 \text{ kg}$  $A = 40,0 \text{ cm} = 0,400 \text{ m}$  $x_0 = -40,0 \text{ cm} = -0,400 \text{ m}$  $E = 8,00 \text{ J}$  $k$  $\omega, \varphi_0$  $v_m$  $a_m$  $x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$  $E = \frac{1}{2} k \cdot A^2$  $k = m \cdot \omega^2$ **Solución:**

- a) Calcúlase a constante elástica do resorte a partir da enerxía e da amplitude.

$$E = \frac{1}{2} k \cdot A^2 \Rightarrow k = \frac{2 \cdot E}{A^2} = \frac{2 \cdot 8,00 \text{ [J]}}{(0,400 \text{ [m]})^2} = 100 \text{ N/kg}$$

- b) A ecuación de movemento dun M.H.S. é

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

A amplitude é a máxima separación da posición de equilibrio e é un dato:  $A = 0,400 \text{ m}$

A frecuencia angular calcúlase a partir da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{100 \text{ [N} \cdot \text{m}^{-1}]}{0,200 \text{ [kg]}}} = 22,4 \text{ rad/s}$$

Para calcular a fase inicial substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$-0,400 \text{ [m]} = 0,400 \text{ [m]} \text{ sen}(22,4 \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\text{sen}(\varphi_0) = -1$$

$$\varphi_0 = \arcsen(-1) = 3 \pi / 2 \text{ [rad]} = 4,71 \text{ rad}$$

A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,400 \text{ sen}(22,4 t + 4,71) \text{ [m]}$$

*Análise:* A ecuación de movemento cumpre a condición da posición inicial (para  $t = 0$ ,  $x_0 = -0,400 \text{ m}$ ).

- c) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo.

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d\{A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)\}}{dt} = A \cdot \omega \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Ten o valor máximo cando  $\cos(\omega \cdot t + \varphi_0) = 1$ .

$$v_m = A \cdot \omega = 0,400 \text{ [m]} \cdot 22,4 \text{ [rad/s]} = 8,94 \text{ m/s}$$

Esta velocidade máxima alcánzase cando a masa pasa polo punto medio da súa traxectoria (orixe), porque cando  $\cos(\omega \cdot t + \varphi_0) = 1$ , entón  $\text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0) = 0$  e  $x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0) = 0$ .

A aceleración obtense derivando a velocidade con respecto ao tempo.

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d\{A \cdot \omega \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)\}}{dt} = -A \cdot \omega^2 \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Ten o valor máximo cando  $\sin(\omega \cdot t + \varphi_0) = -1$ .

$$a_m = A \cdot \omega^2 = 0,400 \text{ [m]} \cdot (22,4 \text{ [rad/s]})^2 = 200 \text{ m/s}^2$$

Esta aceleración máxima alcánzase cando a masa pasa polos extremos da súa traxectoria ( $x = \pm A$ ), porque a aceleración é proporcional á elongación,  $a = -\omega^2 \cdot x$ . A aceleración é máxima cando é máxima a elongación.

4. Cólgame un corpo de 10 kg de masa dun resorte e alárgase 2,0 cm. Despois engádenselle outros 10 kg e dásele un tirón cara abaixo, de modo que o sistema comeza a oscilar cunha amplitude de 3,0 cm.

a) Calcula a constante elástica do resorte e a frecuencia do movemento.

b) Escribe, en función do tempo, as ecuacións da elongación, velocidade, aceleración e forza.

c) Calcula a enerxía cinética e a enerxía potencial elástica aos 2 s de empezar a oscilar.

Dato:  $g = 9,8 \text{ m/s}^2$

(P.A.U. set. 14)

**Rta.:** a)  $k = 4,90 \cdot 10^3 \text{ N/m}$ ;  $f = 2,49 \text{ Hz}$ ; b)  $x = 0,0300 \cos(15,7 t) \text{ [m]}$ ;  $v = -0,470 \sin(15,7 t) \text{ m/s}$ ;

$a = -7,35 \cos(15,7 t) \text{ [m/s}^2\text{]}$ ;  $F = -147 \cos(15,7 t) \text{ [N]}$ ; c)  $E_c = 0,0270 \text{ J}$ ;  $E_p = 2,18 \text{ J}$

### Datos

Masa que se colga do resorte

Alongamento

Masa que realiza o M.H.S.

Posición inicial

Amplitude (elongación máxima)

Tempo para calcular a enerxía

Aceleración da gravidade

### Incógnitas

Constante elástica do resorte

Frecuencia do movemento

Ecuacións do movemento harmónico:

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Velocidade máxima

Aceleración máxima

Forza máxima

Enerxía cinética cando  $t = 2 \text{ s}$

Enerxía potencial cando  $t = 2 \text{ s}$

### Outros símbolos

Forza recuperadora elástica

### Ecuacións

Peso

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Ecuación de movemento no M.H.S.

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

### Cifras significativas: 3

$m_0 = 10,0 \text{ kg}$

$\Delta x = 2,00 \text{ cm} = 0,0200 \text{ m}$

$m = 20,0 \text{ kg}$

$x_0 = 3,00 \text{ cm} = 0,0300 \text{ m}$

$A = x_0 = 0,0300 \text{ m}$

$t = 2,00 \text{ s}$

$g = 9,80 \text{ m/s}^2$

$k$

$f$

$x, v, a, F$

$\omega$

$\varphi_0$

$v_m$

$a_m$

$F_m$

$E_c$

$E_p$

$F$

$P = m \cdot g$

$F = -k \cdot x$

$k = m \cdot \omega^2$

$\omega = 2 \pi \cdot f$

$x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$

$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$

### Solución:

a) Calcúlase a constante elástica do resorte da situación de equilibrio, cando os valores do peso da masa colgada e a forza elástica son iguais:

$$k \cdot \Delta x = m \cdot g$$

$$k = \frac{m \cdot g}{\Delta x} = \frac{10,0 \text{ [kg]} \cdot 9,80 \text{ [m/s}^2\text{]}}{0,020 \text{ [m]}} = 4,90 \cdot 10^3 \text{ N/m}$$

Calcúlase a frecuencia a partir da pulsación, que se obtén da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{4,90 \cdot 10^3 \text{ [N} \cdot \text{m}^{-1}]}{20,0 \text{ [kg]}}} = 15,7 \text{ rad/s}$$

$$\omega = 2 \pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{15,7 \text{ rad/s}}{2 \cdot 3,14 \text{ rad}} = 2,49 \text{ s}^{-1} = 2,49 \text{ Hz}$$

b) Para calcular a fase inicial elíxese un sistema de referencia con orixe O na posición de equilibrio e o eixe X+ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo) e substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$0,0300 \text{ [m]} = 0,0300 \text{ [m]} \cdot \text{sen}(15,7 \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\text{sen}(\varphi_0) = 1$$

$$\varphi_0 = \arcsen(1) = \pi / 2 \text{ [rad]} = 1,57 \text{ rad}$$

A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,0300 \cdot \text{sen}(15,7 \cdot t + \pi / 2) \text{ [m]}$$

Como  $\text{sen}(\varphi + \pi / 2) = \cos \varphi$ , a ecuación pode escribirse máis brevemente:

$$x = 0,0300 \cdot \cos(15,7 \cdot t) \text{ [m]}$$

*Análise:* A ecuación de movemento cumpre a condición da posición inicial (para  $t = 0$ ,  $x_0 = 0,0300 \text{ m}$ ).

A velocidade é a derivada da posición con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d\{0,0300 \cos(15,7 \cdot t)\}}{dt} = -15,7 \cdot 0,0300 \sin(15,7 \cdot t) = -0,470 \cdot \text{sen}(15,7 \cdot t) \text{ m/s}$$

A aceleración é a derivada da velocidade con respecto ao tempo:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d\{-0,470 \cdot \text{sen}(15,7 \cdot t)\}}{dt} = -0,470 \cdot 15,7 \cdot \cos(15,7 \cdot t) = -7,35 \cdot \cos(15,7 \cdot t) \text{ m/s}^2$$

A forza elástica é:

$$F = -k \cdot x$$

$$F = -4,90 \cdot 10^3 \text{ [N/m]} \cdot 0,0300 \cdot \cos(15,7 \cdot t) \text{ [m]} = -147 \cos(15,7 \cdot t) \text{ [N]}$$

c) Aos 2,00 s a súa posición é:

$$x = 0,0300 \text{ [m]} \cdot \cos(15,7 \text{ [rad/s]} \cdot 2,00 \text{ [s]}) = 0,0298 \text{ m}$$

Energía potencial para  $x = 0,0298 \text{ m}$ :

$$E_p = k \cdot x^2 / 2 = 4,90 \cdot 10^3 \text{ [N/m]} (0,0298 \text{ [m]})^2 / 2 = 2,18 \text{ J}$$


Aos 2,00 s a súa velocidade é:

$$v = -0,470 \text{ [m/s]} \cdot \text{sen}(15,7 \text{ [rad/s]} \cdot 2,00 \text{ [s]}) = 0,0520 \text{ m/s}$$

Energía cinética para  $v = 0,0520 \text{ m/s}$

$$E_c = m \cdot v^2 / 2 = 20,0 \text{ [kg]} \cdot (0,0520 \text{ [m/s]})^2 / 2 = 0,0270 \text{ J}$$

*Análise:* Pódese calcular a enerxía mecánica  $E = \frac{1}{2} k \cdot A^2 = k \cdot A^2 / 2 = 4,90 \cdot 10^3 \text{ [N/m]} (0,0300 \text{ [m]})^2 / 2 = 2,21 \text{ J}$  e comprobar que é igual á suma das enerxías cinética e potencial:  $2,21 \text{ J} = 0,027 \text{ J} + 2,18 \text{ J}$



5. Unha partícula de masa  $m = 0,1 \text{ kg}$ , suxeita no extremo dun resorte, oscila nun plano horizontal cun M.H.S., sendo a amplitude  $A = 0,20 \text{ m}$  e a frecuencia  $f = 5 \text{ s}^{-1}$ . No instante inicial a posición é  $x = A$ . Calcula para  $t = T / 8 \text{ s}$ :
- A velocidade e aceleración.
  - A enerxía mecánica.
  - A frecuencia con que oscilaría se se duplica a masa.

(P.A.U. xuño 13)

**Rta.:** a)  $v = -4,44$  m/s;  $a = -140$  m/s<sup>2</sup>; b)  $E = 1,97$  J; c)  $f = 3,54$  Hz

**Datos**

Masa que realiza o M.H.S.  
Amplitude  
Frecuencia  
Posición inicial

**Incógnitas**

Velocidade para  $t = T/8$   
Aceleración para  $t = T/8$   
Enerxía mecánica  
Frecuencia se se duplica a masa

**Outros símbolos**

Constante elástica do resorte  
Período  
Pulsación (frecuencia angular)  
Fase inicial  
Forza recuperadora elástica

**Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.  
Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica  
Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia  
Relación entre frecuencia e o período  
Enerxía potencial elástica  
Enerxía cinética  
Enerxía mecánica

**Cifras significativas: 3**

$m = 0,100$  kg  
 $A = 0,200$  m  
 $f = 5,00$  s<sup>-1</sup>  
 $x_0 = A = 0,200$  m

 $v$  $a$  $E$  $f_2$  $k$  $T$  $\omega$  $\varphi_0$  $F$ 

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

$$\omega = 2 \pi \cdot f$$

$$f = 1 / T$$

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

**Solución:**

a) A ecuación de movemento dun M.H.S. pode escribirse

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

A amplitude é un dato:  $A = 0,200$  m

A frecuencia angular calcúlase a partir da frecuencia:

$$\omega = 2 \pi \cdot f = 2 \pi [\text{rad}] \cdot 5,00 [\text{Hz}] = 10 \pi [\text{rad/s}] = 31,4 \text{ rad/s}$$

Para calcular a fase inicial elíxese un sistema de referencia con orixe O na posición de equilibrio e o eixe X+ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo) e substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$A = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\text{sen}(\varphi_0) = 1$$

$$\varphi_0 = \arcsen(1) = \pi / 2 [\text{rad}] = 1,57 \text{ rad}$$

A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,200 \cdot \text{sen}(10 \pi \cdot t + \pi / 2) [\text{m}]$$

Como  $\text{sen}(\varphi + \pi / 2) = \cos \varphi$ , a ecuación pode escribirse máis brevemente:


$$x = 0,200 \cdot \cos(10 \pi \cdot t) [\text{m}]$$

Obtense a expresión da velocidade derivando a ecuación de movemento:

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d\{0,200 \cdot \cos(31,4 \cdot t)\}}{dt} = -0,200 \cdot 31,4 \cdot \text{sen}(31,4 \cdot t) = -6,28 \cdot \text{sen}(31,4 \cdot t) [\text{m/s}]$$

Necesítase calcular o período:

$$T = 1 / f = 1 / (5,00 [\text{s}^{-1}]) = 0,200 \text{ s}$$



O tempo é:

$$t = T / 8 = 0,200 \text{ [s]} / 8 = 0,0250 \text{ s}$$

Substitúese para calcular a velocidade nese instante:

$$v = -6,28 \cdot \text{sen}(10 \pi \text{ [rad/s]} \cdot 0,0250 \text{ [s]}) \text{ [m/s]} = -6,28 \cdot \text{sen}(\pi/4) \text{ [m/s]} = -4,44 \text{ m/s}$$

Obtense a expresión da aceleración derivando a ecuación da velocidade con respecto ao tempo:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d\{-6,28 \cdot \text{sen}(31,4 \cdot t)\}}{dt} = -6,28 \cdot 31,4 \cdot \cos(31,4 \cdot t) = -197 \cdot \cos(31,4 \cdot t) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

Substituíndo o valor do tempo obtense a aceleración para  $t = T/8$ :

$$a = -197 \cdot \cos(10 \pi \text{ [rad/s]} \cdot 0,0250 \text{ [s]}) \text{ [m/s}^2\text{]} = -197 \cdot \cos(\pi/4) \text{ [m/s}^2\text{]} = -140 \text{ m/s}^2$$

b) A enerxía mecánica pode calcularse como a enerxía potencial máxima, a enerxía cinética máxima ou a suma das enerxías cinética e potencial en calquera instante:

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2 = \frac{1}{2} m \cdot v_m^2 = \frac{1}{2} m \cdot v^2 + \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

No caso de optar pola primeira, hai que calcular o valor da constante elástica.

$$k = m \cdot \omega^2 = 0,100 \text{ [kg]} \cdot (31,4 \text{ [rad/s]})^2 = 98,7 \text{ N/m}$$

Enerxía mecánica:

$$E = E_{p \text{ m}} = k \cdot A^2 / 2 = 98,7 \text{ [N/m]} (0,200 \text{ [m]})^2 / 2 = 1,97 \text{ J}$$

Poderíase calcular a enerxía mecánica como a enerxía cinética máxima.

A velocidade ten un valor máximo cando o seno da fase vale  $-1$ .

$$v_m = -6,28 \text{ sen}(10 \pi \cdot t) \text{ [m/s]} = 6,28 \text{ m/s}$$

$$E_{c \text{ m}} = m \cdot v_m^2 / 2 = 0,100 \text{ [kg]} \cdot (6,28 \text{ [m/s]})^2 / 2 = 1,97 \text{ J}$$

Tamén se podería calcular a enerxía mecánica como a suma das enerxías cinética e potencial, pero sería un proceso máis longo xa que habería que calcular o valor da constante elástica e o da posición. (Só se tiña calculada a velocidade)

c) Da ecuación que relaciona a constante elástica coa frecuencia angular pódese despxear a frecuencia.

$$k = m \cdot \omega^2 = m (2 \pi \cdot f)^2 = 4 \pi^2 \cdot f^2 \cdot m$$

Pódese despxear a frecuencia:

$$f = \frac{1}{2\pi} \sqrt{\frac{k}{m}} \Rightarrow f = \frac{1}{2 \cdot 3,14} \sqrt{\frac{98,7 \text{ [N/m]}}{0,2 \text{ [kg]}}} = 3,54 \text{ s}^{-1}$$

A frecuencia é inversamente proporcional á raíz cadrada da masa. Se a masa se duplica, a frecuencia diminúe nun factor  $\sqrt{2}$ .

6. Unha masa de 10 g está unida a un resorte e oscila nun plano horizontal cun movemento harmónico simple. A amplitude do movemento é  $A = 20 \text{ cm}$ , e a elongación no instante inicial é  $x = -20 \text{ cm}$ . Se a enerxía total é 0,5 J, calcula:

- A constante elástica do resorte.
- A ecuación do movemento.
- A enerxía cinética na posición  $x = 15 \text{ cm}$ .

(P.A.U. set. 12)

**Rta.:** a)  $k = 25,0 \text{ N/m}$ ; b)  $x = 0,200 \cdot \text{sen}(50,0 \cdot t + 4,71) \text{ [m]}$ ; c)  $E_c = 0,219 \text{ J}$

#### Datos

Masa que oscila  
 Amplitude  
 Posición inicial  
 Enerxía mecánica  
 Posición para calcular a enerxía cinética

#### Cifras significativas: 3

$m = 10,0 \text{ g} = 0,0100 \text{ kg}$   
 $A = 20,0 \text{ cm} = 0,200 \text{ m}$   
 $x_0 = -20,0 \text{ cm} = -0,200 \text{ m}$   
 $E = 0,500 \text{ J}$   
 $x = 15,0 \text{ cm} = 0,150 \text{ m}$



**Datos****Incógnitas**

Constante elástica do resorte  
 Ecuación do movemento (frecuencia angular e fase inicial)  
 Enerxía cinética na posición  $x = 15$  cm

**Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.  
 Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica  
 Enerxía potencial elástica  
 Enerxía mecánica

**Cifras significativas: 3**

$k$   
 $\omega, \varphi_0$   
 $E_c$   
 $x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$   
 $k = m \cdot \omega^2$   
 $E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$   
 $E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$

**Solución:**

a) Calcúlase a constante elástica do resorte a partir da enerxía e da amplitude.

$$E = \frac{1}{2} k \cdot A^2 \Rightarrow k = \frac{2 \cdot E}{A^2} = \frac{2 \cdot 0,500 \text{ [J]}}{(0,200 \text{ [m]})^2} = 25,0 \text{ N/m}$$

b) A ecuación de movemento dun M.H.S. pode escribirse

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

A amplitude é a máxima separación da posición de equilibrio e é un dato:  $A = 0,200$  m  
 A frecuencia angular calcúlase a partir da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{25,0 \text{ [N/m]}}{0,010 \text{ [kg]}}} = 50,0 \text{ rad/s}$$

Para calcular a fase inicial elíxese un sistema de referencia con orixe O na posición de equilibrio e o eixe X+ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo) e substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$\begin{aligned} -0,200 \text{ [m]} &= 0,200 \text{ [m]} \text{sen}(50,0 \cdot 0 + \varphi_0) \\ \text{sen}(\varphi_0) &= -1 \\ \varphi_0 &= \arcsen(-1) = 3 \pi / 2 \text{ [rad]} = 4,71 \text{ rad} \end{aligned}$$

A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,200 \cdot \text{sen}(50,0 \cdot t + 4,71) \text{ [m]}$$

*Análise:* A ecuación de movemento cumpre a condición da posición inicial (para  $t = 0$ ,  $x_0 = -0,200$  m).

c) Pódese calcular a enerxía cinética a partir da enerxía potencial.

$$E_p = k \cdot x^2 / 2 = 25,0 \text{ [N/m]} \cdot (0,150 \text{ [m]})^2 / 2 = 0,281 \text{ J}$$

Tendo en conta que a única forza (elástica) é conservativa,

$$E_c = E - E_p = 0,500 \text{ [J]} - 0,281 \text{ [J]} = 0,219 \text{ J}$$

7. Un obxecto de 100 g, unido a un resorte de  $k = 500 \text{ N} \cdot \text{m}^{-1}$ , realiza un movemento harmónico simple. A enerxía total é de 5 J. Calcula:

- A amplitude.
- A velocidade máxima e a frecuencia da oscilación.
- Indica cualitativamente nunha gráfica como varían a enerxía total, cinética e potencial coa elongación.

(P.A.U. set. 10)

**Rta.:** a)  $A = 0,141$  m; b)  $v_m = 10,0$  m/s;  $f = 11,3$  Hz

**Datos**

Masa que realiza o M.H.S.  
 Constante elástica do resorte  
 Enerxía mecánica

**Cifras significativas: 3**

$m = 100 \text{ g} = 0,100 \text{ kg}$   
 $k = 500 \text{ N} \cdot \text{m}^{-1}$   
 $E = 5,00 \text{ J}$

**Incógnitas**

Amplitude (elongación máxima)

 $A$ 

Velocidade máxima

 $v_m$ 

Frecuencia de oscilación

 $f$ **Outros símbolos**

Valor da velocidade

 $v$ 

Pulsación (frecuencia angular)

 $\omega$ 

Fase inicial

 $\varphi_0$ 

Elongación

 $x$ 

Forza recuperadora elástica

 $F$ **Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

$$k = m \cdot \omega^2$$

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

$$\omega = 2 \pi \cdot f$$

Energía potencial elástica

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

Energía cinética

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

Energía mecánica

$$E = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

**Solución:**

a) Calcúlase a amplitude partir da enerxía e da constante elástica do resorte.

$$E = \frac{1}{2} k \cdot A^2 \Rightarrow A = \sqrt{\frac{2 \cdot E}{k}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 5,00 \text{ [J]}}{500 \text{ [N} \cdot \text{m}^{-1}]}} = 0,141 \text{ m}$$

b) Para calcular a frecuencia de oscilación calcúlase antes a frecuencia angular a partir da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{500 \text{ [N} \cdot \text{m}^{-1}]}{0,100 \text{ [kg]}}} = 70,7 \text{ rad/s}$$

A frecuencia de oscilación obtense da frecuencia angular.

$$\omega = 2 \pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{70,7 \text{ [rad/s]}}{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}} = 11,3 \text{ s}^{-1}$$

A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo.

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d\{A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)\}}{dt} = A \cdot \omega \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Ten o valor máximo cando  $\cos(\omega \cdot t + \varphi_0) = 1$ 

$$v_m = A \cdot \omega = 0,141 \text{ [m]} \cdot 70,7 \text{ [rad/s]} = 10,0 \text{ m/s}$$


c) A enerxía mecánica  $E = \frac{1}{2} k \cdot A^2$  é constante e, por tanto, a súa representación é unha liña recta horizontal.

A representación gráfica da enerxía potencial é unha parábola co vértice na orixe.

A enerxía cinética pódese expresar como a diferenza entre a enerxía mecánica e a enerxía potencial

$$E_c = E - E_p = \frac{1}{2} k \cdot A^2 - \frac{1}{2} k \cdot x^2 = \frac{1}{2} k (A^2 - x^2)$$

A súa representación gráfica tamén é unha parábola pero invertida.



$$\text{---} E_p \quad \text{---} E_c \quad \text{---} E$$

8. Unha masa de 5 g realiza un movemento harmónico simple de frecuencia 1 Hz e amplitude 10 cm. Se en  $t = 0$  a elongación é a metade da amplitude, calcula:
- A ecuación do movemento.
  - A enerxía mecánica.
  - En que puntos da traxectoria é máxima a enerxía cinética e en cales é máxima a enerxía potencial?

(P.A.U. xuño 09)

**Rta.:** a)  $x = 0,100 \cdot \text{sen}(2\pi \cdot t + \pi / 6)$  [m] b)  $E = 9,87 \cdot 10^{-4}$  J

**Datos**

Masa que realiza o M.H.S.

Amplitude

Posición inicial

Frecuencia

**Incógnitas**

Ecuación do movemento (frecuencia angular e fase inicial)

Enerxía mecánica

**Outros símbolos**

Constante elástica do resorte

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Forza recuperadora elástica

**Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

**Cifras significativas: 3** $m = 5,00 \text{ g} = 0,00500 \text{ kg}$  $A = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$  $x_0 = \pm A / 2 = \pm 0,0500 \text{ m}$  $f = 1,00 \text{ Hz}$  $\omega, \varphi_0$  $E$  $k$  $\omega$  $\varphi_0$  $F$  $x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$  $\omega = 2\pi \cdot f$  $k = m \cdot \omega^2$  $E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$  $E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$  $E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$ **Solución:**

a) A ecuación de movemento dun M.H.S. pode escribirse

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

A amplitude é un dato:  $A = 0,100 \text{ m}$ 

A frecuencia angular calcúlase a partir da frecuencia:

$$\omega = 2\pi \cdot f = 2\pi \text{ [rad]} \cdot 1,00 \text{ [Hz]} = 2\pi \text{ [rad/s]} = 6,28 \text{ rad/s}$$

Para calcular a fase inicial elíxese un sistema de referencia con orixe O na posición de equilibrio e o eixe X+ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo) e substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$A / 2 = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\text{sen}(\varphi_0) = 1 / 2$$

$$\varphi_0 = \arcsen(1/2)$$

Hai dúas solucións:  $\varphi_{01} = \pi / 6$  e  $\varphi_{02} = 5\pi / 6$ .

Necesitárase coñecer o sentido do movemento para poder elixir entre elas. A falta dese dato, elíxese arbitrariamente, por exemplo:  $\varphi_{01} = \pi / 6$ , que corresponde ao desprazamento en sentido positivo.


A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,100 \cdot \text{sen}(2\pi \cdot t + \pi / 6) \text{ [m]}$$

(No caso de elixir a ecuación  $x = A \cdot \text{cos}(\omega \cdot t + \varphi_0)$ , tamén habería dúas solucións para a fase inicial:

$$\varphi_{01} = -\pi / 3 \text{ e } \varphi_{02} = \pi / 3)$$

*Análise:* Calquera das ecuacións de movemento propostas cumpre a condición da posición inicial (para  $t = 0$ ,  $x_0 = 0,0500 \text{ m}$  ou  $x_0 = -0,0500 \text{ m}$ ).



b) A enerxía mecánica pode calcularse como a suma das enerxías cinética e potencial en calquera instante, a enerxía cinética máxima ou a enerxía potencial máxima:

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} m \cdot v^2 + \frac{1}{2} k \cdot x^2 = \frac{1}{2} m \cdot v_m^2 = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

No caso de optar pola última, hai que calcular o valor da constante elástica.

$$k = m \cdot \omega^2 = 0,00500 \text{ [kg]} \cdot (6,28 \text{ [rad/s]})^2 = 0,197 \text{ N/m}$$

Enerxía mecánica:

$$E = k \cdot A^2 / 2 = 0,197 \text{ [N/m]} (0,0500 \text{ [m]})^2 / 2 = 9,87 \cdot 10^{-4} \text{ J}$$

Poderíase calcular a enerxía mecánica como a enerxía cinética máxima. A velocidade nun instante é a derivada da posición con respecto ao tempo. Derivando a ecuación de movemento queda:

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d\{0,100 \cdot \text{sen}(2\pi \cdot t + \pi/6)\}}{dt} = 0,100 \cdot 2 \cdot \pi \cdot \cos(2\pi \cdot t + \pi/6) = 0,628 \cdot \cos(2\pi \cdot t + \pi/6) \text{ m/s}$$

A velocidade ten un valor máximo cando o coseno da fase vale 1.

$$v_m = 0,628 \text{ m/s}$$

$$E_{c \text{ m}} = m \cdot v_m^2 / 2 = 0,00500 \text{ [kg]} \cdot (0,628 \text{ [m/s]})^2 / 2 = 9,87 \cdot 10^{-4} \text{ J}$$

c) A enerxía cinética é máxima cando a enerxía potencial é mínima, ou sexa nula. É dicir na orixe ou centro da traxectoria  $x = 0$ .

A enerxía potencial é máxima cando a elongación é máxima, ou sexa igual á amplitude. É dicir

$$x = \pm A = \pm 0,100 \text{ m}$$

9. Un corpo de masa 100 gramos está unido a un resorte que oscila nun plano horizontal. Cando se estira 10 cm e se solta, oscila cun período de 2 s. Calcula:

- A velocidade cando se atopa a 5 cm da súa posición de equilibrio.
- A aceleración nese momento.
- A enerxía mecánica.

(P.A.U. set. 08)

**Rta.:** a)  $|v| = 0,272 \text{ m/s}$ ; b)  $|a| = 0,493 \text{ m/s}^2$ ; c)  $E = 4,93 \cdot 10^{-3} \text{ J}$

### Datos

Masa que colga

Amplitude

Período

Posición para calcular a velocidade e aceleración

### Incógnitas

Velocidade cando se atopa a 5 cm da súa posición de equilibrio

Aceleración nese momento

### Ecuacións

Ecuación de movemento no M.H.S.

Relación entre a frecuencia angular e a constante elástica

Relación entre a frecuencia angular e o período

Enerxía potencial elástica

Enerxía cinética

Enerxía mecánica

Relación entre a aceleración e a elongación

### Cifras significativas: 3

$$m = 100 \text{ g} = 0,100 \text{ kg}$$

$$A = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$$

$$T = 2,00 \text{ s}$$

$$x = 5,00 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$$

$v$

$a$

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

$$\omega = 2\pi / T$$

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

$$a = -\omega^2 \cdot x$$

### Solución:

a) Calcúlase a frecuencia angular a partir do período.

$$\omega = \frac{2\pi}{T} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{2,00 \text{ [s]}} = 3,14 \text{ rad/s}$$

Calcúlase a constante elástica do resorte a partir da frecuencia angular e da masa

$$k = m \cdot \omega^2 = 0,100 \text{ [kg]} \cdot (3,14 \text{ [rad/s]})^2 = 0,987 \text{ N/m}$$

Calcúlase a velocidade aplicando o principio de conservación da enerxía, porque a única forza (elástica) é conservativa,

$$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_2$$

$$\frac{1}{2} m \cdot v_1^2 + \frac{1}{2} k \cdot x_1^2 = \frac{1}{2} m \cdot v_2^2 + \frac{1}{2} k \cdot x_2^2$$

Multiplícase todo por 2 e substitúense valores

$$0,100 \text{ [kg]} \cdot 0^2 + 0,987 \text{ [N/m]} (0,100 \text{ [m]})^2 = 0,100 \text{ [kg]} \cdot v^2 + 0,987 \text{ [N/m]} (0,0500 \text{ [m]})^2$$

$$|v| = 0,272 \text{ m/s}$$

O signo da velocidade non pode determinarse a partir dos datos.

b) A aceleración é proporcional e de sentido contrario á elongación:

$$a = -\omega^2 \cdot x = \pm(3,14 \text{ [rad/s]})^2 \cdot 0,0500 \text{ [m]} = \pm 0,493 \text{ m/s}^2$$

O signo da aceleración depende de a que lado da posición de equilibrio se atope.

c) A enerxía mecánica é constante e vale o mesmo que no punto de máxima elongación, no que a velocidade é nula:

$$E = (E_c + E_p) = 0 \cdot v^2 / 2 + k \cdot A^2 / 2 = 0,987 \text{ [N/m]} \cdot (0,100 \text{ [m]})^2 / 2 = 4,93 \cdot 10^{-3} \text{ J}$$

10. Dun resorte de 40 cm de lonxitude cólgase un peso de 50 g de masa e, alcanzado o equilibrio, a lonxitude do resorte é de 45 cm. Estírase coa man a conxunto masa-resorte 6 cm e sóltase. Acha:

- A constante do resorte.
- A ecuación do M.H.S. que describe o movemento.
- Deduca a ecuación da enerxía potencial elástica.

Dato:  $g = 9,8 \text{ m}\cdot\text{s}^{-2}$

(P.A.U. set. 07)

**Rta.:** a)  $k = 9,8 \text{ N/m}$ ; b)  $x = 0,060 \cdot \cos(14 \cdot t) \text{ [m]}$

### Datos

Lonxitude inicial do resorte  
Masa que colga  
Lonxitude ao colgarlle os 50 g  
Amplitude  
Aceleración da gravidade

### Incógnitas

Constante elástica do resorte  
Ecuación do movemento (frecuencia angular e fase inicial)

### Outros símbolos

Elongación  
Traballo

### Ecuacións

Peso  
Lei de Hooke: forza recuperadora elástica  
Ecuación de movemento no M.H.S.  
Relación entre a frecuencia angular  $\omega$  e a constante elástica  $k$   
Enerxía potencial elástica

### Cifras significativas: 3

$L_0 = 40,0 \text{ cm} = 0,400 \text{ m}$   
 $m = 50,0 \text{ g} = 0,0500 \text{ kg}$   
 $L = 45,0 \text{ cm} = 0,450 \text{ m}$   
 $A = 6,00 \text{ cm} = 0,0600 \text{ m}$   
 $g = 9,80 \text{ m}\cdot\text{s}^{-2}$

$k$   
 $\omega, \varphi_0$

$x$   
 $W$

$P = m \cdot g$   
 $F = -k \cdot x$   
 $x = A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$   
 $k = m \cdot \omega^2$   
 $E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$

### Solución:

a) Calcúlase a constante elástica do resorte da situación de equilibrio, cando os valores do peso da masa colgada e a forza elástica son iguais:

$$k \cdot \Delta x = m \cdot g$$

O alongamento vale

$$\Delta x = L - L_0 = 0,450 \text{ [m]} - 0,400 \text{ [m]} = 0,050 \text{ m}$$

A constante é

$$k = \frac{m \cdot g}{\Delta x} = \frac{0,050 \text{ [kg]} \cdot 9,80 \text{ [m/s}^2\text{]}}{0,050 \text{ [m]}} = 9,8 \text{ N/m}$$

b) A ecuación de movemento dun M.H.S. pode escribirse

$$x = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

A amplitude é a máxima separación da posición de equilibrio e é un dato:  $A = 0,0600 \text{ m}$

A frecuencia angular calcúlase a partir da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

$$k = m \cdot \omega^2 \Rightarrow \omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{9,8 \text{ [N} \cdot \text{m}^{-1}\text{]}}{0,050 \text{ [kg]}}} = 14 \text{ rad/s}$$

Para calcular a fase inicial elíxese un sistema de referencia con orixe O na posición de equilibrio e o eixe X+ vertical no sentido do alongamento (cara abaixo) e substitúense na ecuación de movemento os datos e os valores da posición inicial:

$$0,0600 \text{ [m]} = 0,0600 \text{ [m]} \cdot \text{sen}(14 \cdot 0 + \varphi_0)$$

$$\text{sen}(\varphi_0) = 1$$

$$\varphi_0 = \arcsen(1) = \pi/2 \text{ [rad]} = 1,57 \text{ rad}$$

A ecuación de movemento queda:

$$x = 0,0600 \cdot \text{sen}(14 t + \pi/2) \text{ [m]}$$

Como  $\text{sen}(\varphi + \pi/2) = \cos \varphi$ , a ecuación pode escribirse máis brevemente:

$$x = 0,0600 \cdot \cos(14 t) \text{ [m]}$$

*Análise:* A ecuación de movemento cumpre a condición da posición inicial (para  $t = 0$ ,  $x_0 = 0,0600 \text{ m}$ ).

c) Para obter a ecuación de enerxía potencial elástica, sen cálculo integral, débuxase a gráfica  $F/x$  e admítase que o traballo da forza elástica entre a orixe e un punto calquera de elongación é a área baixo a gráfica.

Para un desprazamento elemental,  $dx$ , o traballo da forza valería a área elemental baixo a gráfica  $F/x$ .

$$dW = F \cdot dx$$

O traballo da forza elástica cando un obxecto sometido a ela desprázase entre a orixe e un punto de coordenada  $x$  vale:

$$W = \text{Área do triángulo} = x \cdot F / 2 = x \cdot k \cdot x / 2 = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

Como o traballo é a variación da enerxía potencial cambiada de signo

$$W = -\Delta E_p$$

Asignando á orixe enerxía potencial nula, a expresión da enerxía potencial é

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

11. Unha masa de 0,01 kg realiza un movemento harmónico simple de ecuación  $x = 5 \cos(2 t + \pi/6)$ . (Magnitudes no S.I.). Calcula:

- Posición, velocidade e aceleración en  $t = 1 \text{ s}$ .
- Enerxía potencial en  $x = 2 \text{ m}$ .
- A enerxía potencial, é negativa nalgún instante?

(P.A.U. xuño 07)



**Rta.:** a)  $x_1 = -4,08 \text{ m}$ ;  $v_1 = -5,79 \text{ m/s}$ ;  $a_1 = 16,3 \text{ m/s}^2$ ; b)  $E_p = 0,0800 \text{ J}$

### Datos

Masa que realiza o M.H.S.  
Ecuación do movemento

### Cifras significativas: 3

$m = 0,0100 \text{ kg}$   
 $x = 5,00 \cdot \cos(2,00 \cdot t + \pi/6) \text{ [m]}$



**Incógnitas**

Posición en $t = 1,00$ s.	$x_1$
Velocidade en $t = 1,00$ s.	$v_1$
Aceleración en $t = 1,00$ s.	$a_1$
Energía potencial en $x = 2,00$ m	$E_p$

**Outros símbolos**

Elongación	$x$
Pulsación (frecuencia angular)	$\omega$
Fase inicial	$\varphi_0$

**Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.	$x = A \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)$
Relación entre a frecuencia angular $\omega$ e a constante elástica $k$	$k = m \cdot \omega^2$
Energía potencial elástica	$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$
Energía mecánica	$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$

**Solución:**

a) A posición para  $t = 1,00$  s obtense substituíndo o valor do tempo na ecuación de movemento:

$$x_1 = 5,00 \cdot \cos(2,00 \cdot 1,00 + \pi/6) \text{ [m]} = -4,08 \text{ m}$$

A velocidade é a derivada da posición con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dx}{dt} = \frac{d\{5,00 \cdot \cos(2,00 \cdot t + \pi/6)\}}{dt} = -5,00 \cdot 2,00 \cdot \text{sen}(2,00 \cdot t + \pi/6) = -10,0 \cdot \text{sen}(2,00 \cdot t + \pi/6) \text{ [m/s]}$$

Substituíndo o valor do tempo,  $t = 1,00$  s, queda:

$$v_1 = -10,0 \cdot \text{sen}(2,00 \cdot 1,00 + \pi/6) \text{ [m/s]} = -5,79 \text{ m/s}$$

A aceleración é a derivada da velocidade con respecto ao tempo:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d\{-10,0 \cdot \text{sen}(2,00 \cdot t + \pi/6)\}}{dt} = -10,0 \cdot 2,00 \cdot \cos(2,00 \cdot t + \pi/6) = -20,0 \cdot \cos(2,00 \cdot t + \pi/6) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

Substituíndo o valor do tempo,  $t = 1,00$  s, queda:

$$a_1 = -20,0 \cdot \cos(2,00 \cdot 1,00 + \pi/6) \text{ [m/s}^2\text{]} = 16,3 \text{ m/s}^2$$

*Análise: A posición inicial era  $x_0 = 5,00 \cdot \cos(\pi/6) = 4,33$  m e movíase cara á orixe, xa que a velocidade inicial era  $v_0 = -10,0 \cdot \text{sen}(\pi/6) < 0$ . Como o período  $T = 2\pi / \omega = 3,14$  s, para  $t = 1,00$  s aínda non describiu medio ciclo, polo que ten que atoparse nas zonas de elongacións negativas, polo que a aceleración ( $a = -\omega^2 \cdot x$ ) ten que ser positiva. Con estes sinxelos cálculos non podemos determinar se a súa velocidade é cara á orixe (+) ou en sentido contrario.*

b) Para calcular a enerxía potencial necesítase a constante elástica do resorte que se obtén a partir da pulsación e da masa oscilante:  $k = m \cdot \omega^2$

$$E_p = k \cdot x^2 / 2 = m \cdot \omega^2 \cdot x^2 / 2 = 0,0100 \text{ [kg]} (2,00 \text{ [rad/s]})^2 (2,00 \text{ [m]})^2 / 2 = 8,00 \cdot 10^{-2} \text{ J} = 0,0800 \text{ J}$$

*Análise: A enerxía mecánica consérvase, porque a forza elástica é unha forza conservativa. A enerxía potencial elástica podería calcularse restando a enerxía cinética da enerxía mecánica:  $E_p = E - E_c$ .*

*Aínda que a enerxía mecánica pódese calcular facilmente sen coñecer a constante elástica, xa que:*

*$E = E_{p,m} = E_{c,m} = \frac{1}{2} m \cdot v_m^2$ , calcular a enerxía cinética para  $x = 2,00$  m é máis complicado e non compensa facelo.*

c) A enerxía potencial, é negativa nalgún instante? Non, xa que a constante elástica é un número positivo e a elongación, aínda que pode ser positiva ou negativa, está elevada ao cadrado, polo que a enerxía potencial elástica é sempre positiva.

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

12. Un resorte de masa desprezable estírase 0,1 m cando se lle aplica unha forza de 2,45 N. Fíxase no seu extremo libre unha masa de 0,085 kg e estírase 0,15 m ao longo dunha mesa horizontal a partir da súa posición de equilibrio e sóltase deixándoo oscilar libremente sen rozamento. Calcula:

- a) A constante elástica do resorte e o período de oscilación.  
 b) A enerxía total da oscilación e as enerxías potencial e cinética cando  $x = 0,075$  m.

(P.A.U. xuño 04)

**Rta.:** a)  $k = 24,5$  N/m;  $T = 0,370$  s; b)  $E = 0,276$  J;  $E_p = 6,89 \cdot 10^{-2}$  J;  $E_c = 0,207$  J

**Datos**

Masa que realiza o M.H.S.

Forza aplicada

Alongamento

Posición inicial

Amplitude (elongación máxima)

Posición para calcular a enerxía cinética e potencial

**Incógnitas**

Constante elástica do resorte

Período de oscilación

Enerxía mecánica

Enerxía cinética para  $x = 0,0750$  mEnerxía potencial para  $x = 0,0750$  m**Outros símbolos**

Elongación

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

Forza recuperadora elástica

**Ecuacións**

Ecuación de movemento no M.H.S.

Lei de Hooke: forza recuperadora elástica

Relación entre a frecuencia angular  $\omega$  e a constante elástica  $k$ 

Relación entre a frecuencia angular e o período

Enerxía potencial elástica

Enerxía mecánica

**Cifras significativas: 3** $m = 0,085$  kg $F_a = 2,45$  N $\Delta x = 0,100$  m $x_0 = 0,150$  m $A = x_0 = 0,150$  m $x = 0,0750$  m $k$  $T$  $E$  $E_c$  $E_p$  $x$  $\omega$  $\varphi_0$  $F$  $x = A \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)$  $F = -k \cdot x$  $k = m \cdot \omega^2$  $\omega = 2 \pi / T$  $E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$  $E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} k \cdot A^2$ **Solución:**

- a) Calcúlase a constante elástica do resorte a partir do equilibrio no que a forza elástica contrarresta á forza aplicada

$$F_a = k \cdot \Delta x$$

$$k = \frac{F_a}{\Delta x} = \frac{2,45 \text{ [N]}}{0,100 \text{ [m]}} = 24,5 \text{ N/m}$$

O período calcúlase da frecuencia angular que se obtén a partir da constante elástica do resorte e da masa oscilante.

A relación matemática entre a frecuencia angular  $\omega$  e a constante elástica do resorte  $k$  é:

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}}$$

Pódese demostrar polo seguinte camiño:

Obtense a ecuación da velocidade derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{d x}{d t} = \frac{d \{ A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0) \}}{d t} = A \cdot \omega \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Volvendo derivar obtense a ecuación da aceleración:

$$a = \frac{d v}{d t} = \frac{d \{ A \cdot \omega \cdot \cos(\omega \cdot t + \varphi_0) \}}{d t} = -A \cdot \omega^2 \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

Ao substituír  $A \cdot \sin(\omega \cdot t + \varphi_0)$  por  $x$  queda:

$$a = -\omega^2 \cdot x$$



A aceleración é proporcional e de sentido contrario á elongación.

A forza resultante pode escribirse, pola 2ª lei de Newton, como:

$$F = m \cdot a = m (-\omega^2 \cdot x)$$

No movement vertical, a forza resultante entre a forza elástica e o peso é unha forza recuperadora que se rexe pola expresión:

$$F = -k \cdot x$$

Igualando as dúas expresións queda:

$$-k \cdot x = m (-\omega^2 \cdot x)$$

$$k = m \cdot \omega^2$$

A expresión de  $\omega$  obtense despexando:

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}}$$

$$\omega = \sqrt{\frac{k}{m}} = \sqrt{\frac{24,5 \text{ [N}\cdot\text{m}^{-1}]}{0,085 \text{ [kg]}}} = 17,0 \text{ rad/s}$$

$$\omega = 2\pi / T \Rightarrow T = \frac{2\pi}{\omega} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{17,0 \text{ [rad/s]}} = 0,370 \text{ s}$$

## b) Enerxía mecánica

A enerxía potencial elástica en cada punto de elongación  $x$  é:

$$E_p = \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

Sendo unha forza conservativa, a enerxía mecánica valerá o mesmo para calquera elongación: é constante.

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} m \cdot v^2 + \frac{1}{2} k \cdot x^2$$

No punto de elongación máxima a velocidade é nula.

$$E = \frac{1}{2} m \cdot 0^2 + \frac{1}{2} k \cdot A^2 = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

$$E = k \cdot A^2 / 2 = 24,5 \text{ [N/m]} \cdot (0,150 \text{ [m]})^2 / 2 = 0,276 \text{ J}$$

Enerxía potencial para  $x = 0,075 \text{ m}$ :

$$E_p = k \cdot x^2 / 2 = 24,5 \text{ [N/m]} (0,075 \text{ [m]})^2 / 2 = 6,89 \cdot 10^{-2} \text{ J}$$

A enerxía cinética calcúlase a partir da enerxía mecánica, xa que a forza é conservativa.

$$E_c = E - E_p = 0,276 - 6,89 \cdot 10^{-2} = 0,207 \text{ J}$$

## ● Péndulo

1. Unha bóla colgada dun fío de 2 m de lonxitude desvíase da vertical un ángulo de 4°, sóltase e obsérvanse as súas oscilacións. Acha:

- A ecuación do movemento harmónico simple.
- A velocidade máxima da bóla cando pasa pola posición de equilibrio.
- Comproba o resultado obtido no apartado anterior, utilizando a ecuación da conservación da enerxía mecánica.

(P.A.U. set. 13)

**Rta.:** a)  $s = 0,140 \text{ sen}(2,21 \cdot t + 4,71) \text{ [m]}$ ; b)  $v_m = 0,309 \text{ m/s}$

### **Datos**

Lonxitude do fío

Amplitude angular (elongación angular máxima)

Aceleración da gravidade (non a dan pero sen ela non se pode resolver)

### **Incógnitas**

### **Cifras significativas: 3**

$L = 2,00 \text{ m}$

$\theta_0 = 4,00^\circ = 0,0698 \text{ rad}$

$g = 9,81 \text{ m/s}^2$

**Datos**

Elongación en función do tempo

Velocidade máxima da bóla

**Outros símbolos**

Pulsación (frecuencia angular)

**Ecuacións**

De movemento no M.H.S.

Período do péndulo

Relación entre o arco  $s$  e o ángulo central  $\theta$  nunha circunferencia de radio  $R$ 

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia e o período

**Cifras significativas: 3** $\theta$  $v_m$  $\omega$ 

$$\theta = \theta_0 \operatorname{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

$$s = A \operatorname{sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$$

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{L}{g}}$$

$$s = \theta \cdot R$$

$$\omega = 2\pi \cdot f = \frac{2\pi}{T}$$

**Solución:**a) Tomando o movemento de péndulo como harmónico simple porque  $\theta \approx \operatorname{sen} \theta$ :

$$\operatorname{sen} 0,0698 = 0,0697 \approx 0,0698$$

Cálculase o período e a frecuencia angular:

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{L}{g}} = 2\pi \sqrt{\frac{2,00 \text{ [m]}}{9,81 \text{ [m/s}^2\text{]}}} = 2,84 \text{ s}$$

$$\omega = \frac{2\pi}{T} = \frac{2\pi \text{ [rad]}}{2,84 \text{ [s]}} = 2,21 \text{ rad/s}$$

A ecuación de movemento queda:

$$\theta = 0,0698 \cdot \operatorname{sen}(2,21 \cdot t + \varphi_0) \text{ [rad]}$$

Cando  $t = 0$ ,  $\theta = 0,0698$  (está na posición de máxima elongación),

$$0,0698 = 0,0698 \cdot \operatorname{sen}(\omega \cdot 0 + \varphi_0):$$

$$\operatorname{sen} \varphi_0 = 1 \begin{cases} \varphi_0 = \frac{\pi}{2} \\ \varphi_0 = \frac{3\pi}{2} \end{cases}$$

Tomando como positivo o sentido en que se mova ao principio, queda:

$$\theta = 0,0698 \cdot \operatorname{sen}(2,21 t + 4,71) \text{ [rad]}$$

A elongación máxima ou amplitude:

$$A = s_m = \theta_0 \cdot R = \theta_0 \cdot L = 0,0698 \text{ [rad]} \cdot 2,00 \text{ [m]} = 0,140 \text{ m}$$

A ecuación de movemento quedaría:

$$s = 0,140 \operatorname{sen}(2,21 \cdot t + 4,71) \text{ [m]}$$

b) A velocidade máxima cando pasa pola posición de equilibrio, calcúlase derivando a ecuación de movemento:


$$v = \frac{ds}{dt} = \frac{d\{0,140 \operatorname{sen}(2,21 \cdot t + 4,71)\}}{dt} = 0,309 \cos(2,21 \cdot t + 4,71) \text{ m/s}$$

Alcanza un valor máximo cando o coseno da fase é 1.

$$v_m = 0,309 \text{ m/s}$$

c) No punto máis alto, a altura vale:

$$h_m = L - L \cos \theta_0 = L (1 - \cos \theta_0) = 2,00 \text{ [m]} (1 - \cos 0,0698) = 4,87 \cdot 10^{-3} \text{ m}$$



Como a única forza non conservativa (a tensión do fío) non realiza traballo (porque o desprazamento é perpendicular sempre á dirección da forza), a enerxía mecánica consérvase. Entre a posición máis alta (punto 1) e a máis baixa (punto 2).

$$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_2$$

$$\frac{1}{2} m \cdot v_1^2 + m \cdot g \cdot h_1 = \frac{1}{2} m \cdot v_2^2 + m \cdot g \cdot h_2$$

$$\frac{1}{2} m \cdot 0^2 + m \cdot g \cdot h_1 = \frac{1}{2} m \cdot v_2^2 + m \cdot g \cdot 0$$

$$2 g \cdot h_1 = v_2^2$$

$$v_2 = \sqrt{2 g \cdot h_1} = \sqrt{2 \cdot 9,81 \text{ [m/s}^2] \cdot 4,87 \cdot 10^{-3} \text{ [m]}} = 0,309 \text{ m/s}$$

2. Un péndulo simple de lonxitude  $L = 2,5 \text{ m}$ , desvíase do equilibrio ata un punto a  $0,03 \text{ m}$  de altura e sóltase. Calcula:

- A velocidade máxima.
- O período.
- A amplitude do movemento harmónico simple descrito polo péndulo.

Dato  $g = 9,8 \text{ m} \cdot \text{s}^{-2}$

(P.A.U. xuño 11)

Rta.: a)  $v_m = 0,77 \text{ m/s}$ ; b)  $t = 3,2 \text{ s}$ ; c)  $A = 0,39 \text{ m}$

### Datos

Lonxitude do péndulo

Altura inicial

Velocidade inicial

Aceleración da gravidade

### Incógnitas

Velocidade máxima

Período

Amplitude do M.H.S.

### A Outros símbolos

Pulsación (frecuencia angular)

Fase inicial

### Ecuacións

Ecuación de movemento no M.H.S.

Período de un péndulo de lonxitude  $L$

Relación entre o arco  $s$  e o ángulo central  $\theta$  nunha circunferencia de radio  $R$

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Enerxía cinética

Enerxía potencial do peso

Principio de conservación da enerxía mecánica

### Cifras significativas: 3

$L = 2,50 \text{ m}$

$h_1 = 0,0300 \text{ m}$

$v_1 = 0$

$g = 9,80 \text{ m} \cdot \text{s}^{-2}$

$v_m$

$T$

$\omega$

$\varphi_0$

$\theta = \theta_0 \text{ sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$

$s = A \text{ sen}(\omega \cdot t + \varphi_0)$

$T = 2\pi \sqrt{\frac{L}{g}}$

$s = \theta \cdot R$

$\omega = 2\pi \cdot f$

$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$

$E_p = m \cdot g \cdot h$

$(E_c + E_p)_1 = (E_c + E_p)_2$

### Solución:

a) Como a única forza que realiza traballo é o peso (o traballo da tensión da corda é nulo porque a tensión é perpendicular ao desprazamento en todo momento), a enerxía mecánica consérvase:


$$\frac{1}{2} m \cdot v_1^2 + m \cdot g \cdot h_1 = \frac{1}{2} m \cdot v_2^2 + m \cdot g \cdot h_2$$

$$v_2 = \sqrt{2 g \cdot h_1} = \sqrt{2 \cdot 9,80 \text{ [m/s}^2] \cdot 0,030 \text{ [m]}} = 0,767 \text{ m/s}$$

b) O período vale:

$$T = 2\pi \sqrt{\frac{L}{g}} = 2\pi \sqrt{\frac{2,50 \text{ [m]}}{9,80 \text{ [m} \cdot \text{s}^{-2}]}} = 3,17 \text{ s}$$

c) Na figura vese a forma de calcular o ángulo  $\theta$  correspondente á amplitude a partir da altura  $h_1$  e a lonxitude  $L$ :



$$\theta = \arccos\left(\frac{L-h_1}{L}\right) = \arccos\left(1 - \frac{h_1}{L}\right) = \arccos\left(1 - \frac{0,030 \text{ [m]}}{2,50 \text{ [m]}}\right) = \arccos 0,988 = 0,155 \text{ rad}$$

$$A = L \cdot \theta = 2,50 \text{ [m]} \cdot 0,155 \text{ [rad]} = 0,388 \text{ m}$$

O movemento de péndulo é harmónico simple porque  $\theta (= 0,155) \approx \sin \theta (= 0,154)$

### ● Ecuación de onda

1. Unha onda cuxa amplitude é 0,3 m percorre 300 m en 20 s. Calcula:
- A máxima velocidade dun punto que vibra coa onda se a frecuencia é 2 Hz.
  - A lonxitude de onda.
  - Constrúe a ecuación de onda, tendo en conta que o seu avance é no sentido negativo do eixe X.

(P.A.U. xuño 16)

**Rta.:** a)  $v_m = 3,77 \text{ m/s}$ ; b)  $\lambda = 7,50 \text{ m}$ ; c)  $y(x, t) = 0,300 \cdot \sin(12,6 \cdot t + 0,838 \cdot x) \text{ [m]}$

#### **Datos**

Amplitude

Distancia percorrida pola onda en 20 s

Tempo que tarda en percorrer 300 m

Frecuencia

Velocidade de propagación

#### **Incógnitas**

Máxima velocidade dun punto que vibra coa onda

Lonxitude de onda

Ecuación da onda (frecuencia angular e número de onda)

#### **Outros símbolos**

Posición do punto (distancia ao foco)

Período

#### **Ecuacións**

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Frecuencia angular

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

Velocidade de propagación

#### **Cifras significativas: 3**

$A = 0,0300 \text{ m}$

$\Delta x = 300 \text{ m}$

$\Delta t = 20,0 \text{ s}$

$f = 2,00 \text{ Hz} = 2,00 \text{ s}^{-1}$

$v_p = 20,0 \text{ m/s}$

$v_m$

$\lambda$

$\omega, k$

$x$

$T$

$y = A \cdot \sin(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$

$k = 2 \pi / \lambda$

$\omega = 2 \pi \cdot f$

$v_p = \lambda \cdot f$

$v_p = \Delta x / \Delta t$

#### **Solución:**

- b) Calcúlase a velocidade de propagación a partir da distancia percorrida e o tempo empregado;

$$v_p = \frac{\Delta x}{\Delta t} = \frac{300 \text{ [m]}}{20,0 \text{ [s]}} = 15,0 \text{ m/s}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir da velocidade de propagación da onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f \Rightarrow \lambda = \frac{15,0 \text{ [m/s]}}{2,00 \text{ [s}^{-1}\text{]}} = 7,50 \text{ m}$$

- c) Tómase a ecuación dunha onda harmónica en sentido negativo do eixe X:

$$y = A \cdot \sin(\omega \cdot t + k \cdot x)$$

Calcúlase a frecuencia angular a partir da frecuencia:

$$\omega = 2 \pi \cdot f = 2 \cdot 3,14 \cdot 2,00 \text{ [s}^{-1}\text{]} = 4,00 \cdot \pi \text{ [rad} \cdot \text{s}^{-1}\text{]} = 12,6 \text{ rad} \cdot \text{s}^{-1}$$

Calcúlase o número de onda a partir da lonxitude de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{7,50 \text{ [m]}} = 0,838 \text{ rad/m}$$

A ecuación de onda queda:

$$y(x, t) = 0,300 \cdot \text{sen}(12,6 \cdot t + 0,838 \cdot x) \text{ [m]}$$

a) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d[0,300 \cdot \text{sen}(12,6 \cdot t + 0,838 \cdot x)]}{dt} = 0,300 \cdot 12,6 \cos(12,6 \cdot t + 0,838 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

$$v = 3,77 \cdot \cos(12,6 \cdot t - 0,838 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

A velocidade é máxima cando  $\cos(\varphi) = 1$

$$v_m = 3,77 \text{ m/s}$$

2. Unha onda harmónica transversal propágase na dirección do eixe  $X$  e vén dada pola seguinte expresión (en unidades do sistema internacional):  $y(x,t) = 0,45 \cos(2x - 3t)$ . Determina:

- A velocidade de propagación.
- A velocidade e aceleración máximas de vibración das partículas.
- A diferenza de fase entre dous estados de vibración da mesma partícula cando o intervalo de tempo transcorrido é de 2 s.

(P.A.U. xuño 15)

**Rta.:** a)  $v_p = 1,50 \text{ m/s}$ ; b)  $|v_m| = 1,35 \text{ m/s}$ ;  $|a_m| = 4,05 \text{ m/s}^2$ ; c)  $\Delta\varphi = 6,0 \text{ rad}$

### Datos

Ecuación da onda

Intervalo de tempo transcorrido

### Incógnitas

Velocidade de propagación

Velocidade máxima de vibración

Aceleración máxima de vibración

Diferenza de fase entre dous estados separados por  $\Delta t = 2 \text{ s}$

### Outros símbolos

Pulsación (frecuencia angular)

Frecuencia

Lonxitude de onda

Número de onda

### Ecuacións

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

### Cifras significativas: 3

$$y = 0,450 \cdot \cos(2,00 \cdot x - 3,00 \cdot t) \text{ [m]}$$

$$\Delta t = 2,00 \text{ s}$$

$$v_p$$

$$v_m$$

$$a_m$$

$$\Delta\varphi$$

$$\omega$$

$$f$$

$$\lambda$$

$$k$$

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

$$v_p = \lambda \cdot f$$

### Solución:

a) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y = 0,450 \cdot \cos(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x) \text{ [m]}$$

Frecuencia angular:  $\omega = 3,00 \text{ rad/s}$

Número de onda:  $k = 2,00 \text{ rad/m}$

Calcúlanse a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{3,00 \text{ [rad} \cdot \text{s}^{-1}]}{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}} = 0,477 \text{ s}^{-1} = 0,477 \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{2,00 \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}]} = 3,14 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 3,14 \text{ [m]} \cdot 0,477 \text{ [s}^{-1}] = 1,50 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$$

b) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d\{0,450 \cdot \cos(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x)\}}{dt} = 0,450 \cdot (-3,00) \cdot (-\text{sen}(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x)) \text{ [m/s]}$$

$$v = 1,35 \cdot \text{sen}(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

A velocidade é máxima cando  $\text{sen}(\varphi) = 1$

$$v_m = 1,35 \text{ m/s}$$

A aceleración obtense derivando a velocidade con respecto ao tempo:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d\{1,35 \cdot \text{sen}(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x)\}}{dt} = 1,35 \cdot (-3,00) \cdot \cos(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

$$a = -4,05 \cdot \cos(-3,00 \cdot t + 2,00 \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

A aceleración é máxima cando  $\cos(\varphi) = -1$

$$a_m = 4,05 \text{ m/s}^2$$

c) Nun punto  $x$ , a diferenza de fase entre dous instantes  $t_1$  e  $t_2$  é:

$$\Delta\varphi = [-3,00 \cdot t_2 + 2,00 \cdot x] - [-3,00 \cdot t_1 + 2,00 \cdot x] = -3,00 \cdot (t_2 - t_1) = -3,00 \cdot \Delta t = -3,00 \cdot 2,00 = 6,00 \text{ rad}$$

*Análise: Como os instantes que están en fase ou cuxa diferenza de fase é múltiplo de  $2\pi$  atópanse a unha distancia temporal que é múltiplo do período, un intervalo de tempo de 2,00 s, que é algo inferior ao período, corresponde a unha diferenza de fase algo inferior a  $2\pi = 6,3 \text{ rad}$ . O resultado de 6,0 rad é aceptable.*

3. Unha onda harmónica transversal propágase no sentido positivo do eixe  $x$  con velocidade  $v = 20 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$ . A amplitude da onda é  $A = 0,10 \text{ m}$  e a súa frecuencia é  $f = 50 \text{ Hz}$ .

a) Escribe a ecuación da onda.

b) Calcula a elongación e a aceleración do punto situado en  $x = 2 \text{ m}$  no instante  $t = 0,1 \text{ s}$ .

c) Cal é a distancia mínima entre dous puntos situados en oposición de fase?

(P.A.U. set. 11)

**Rta.:** a)  $y = 0,100 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$ ; b)  $y(2, 0,1) = 0$ ;  $a(2, 0,1) = 0$ ; c)  $\Delta x = 0,200 \text{ m}$

a')  $y = 0,100 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$ ; b')  $y(2, 0,1) = 0,100 \text{ m}$ ;  $a(2, 0,1) = -9,87 \cdot 10^3 \text{ m/s}^2$

### Datos

Amplitude

Frecuencia

Velocidade de propagación

Para o cálculo da elongación e aceleración:

Posición

Tempo

### Cifras significativas: 3

$A = 0,100 \text{ m}$

$f = 50,0 \text{ Hz} = 50,0 \text{ s}^{-1}$

$v_p = 20,0 \text{ m/s}$

$x = 2,00 \text{ m}$

$t = 0,100 \text{ s}$

### Incógnitas

Ecuación da onda

$\omega, k$

Elongación do punto situado en  $x = 2 \text{ m}$  no instante  $t = 0,1 \text{ s}$ .

$y(2, 0,1)$

Aceleración do punto situado en  $x = 2 \text{ m}$  no instante  $t = 0,1 \text{ s}$ .

$a(2, 0,1)$

Distancia mínima entre dous puntos situados en oposición de fase

$\Delta x$

### Outros símbolos

Posición do punto (distancia ao foco)

$x$

Período

$T$

Lonxitude de onda

$\lambda$

### Ecuacións

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$

**Ecuacións**

Número de onda

$$k = 2\pi / \lambda$$

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

$$v_p = \lambda \cdot f$$

**Solución:**

a) Tómase a ecuación dunha onda harmónica en sentido positivo do eixe X:

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t - k \cdot x)$$

Cálculase a frecuencia angular a partir da frecuencia:

$$\omega = 2\pi \cdot f = 2 \cdot 3,14 \cdot 50,0 \text{ [s}^{-1}\text{]} = 100 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}\text{]} = 314 \text{ rad}\cdot\text{s}^{-1}$$

Cálculase a lonxitude de onda a partir da velocidade de propagación da onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f \Rightarrow \lambda = \frac{20,0 \text{ [m/s]}}{50,0 \text{ [s}^{-1}\text{]}} = 0,400 \text{ m}$$

Cálculase o número de onda a partir da lonxitude de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{0,400 \text{ [m]}} = 5,00 \cdot \pi \text{ [rad/m]} = 15,7 \text{ rad/m}$$

A ecuación de onda queda:

$$y(x, t) = 0,100 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]} = 0,100 \cdot \text{sen}(314 \cdot t - 15,7 \cdot x) \text{ [m]}$$

b) Para  $x = 2,00 \text{ m}$  e  $t = 0,100 \text{ s}$ , a elongación é:

$$y(2, 0,1) = 0,100 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot 0,100 - 5,00 \cdot \pi \cdot 2,00) = 0,100 \cdot \text{sen}(0) = 0 \text{ m}$$

A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d}{dt} [0,100 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x)] = 0,100 \cdot 100 \cdot 3,14 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s]}$$
$$v = 31,4 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s]}$$

A aceleración obtense derivando a velocidade con respecto ao tempo:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d}{dt} [31,4 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x)] = -31,4 \cdot 100 \cdot 3,14 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$
$$a = -9,87 \cdot 10^3 \text{ sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

Para  $x = 2,00 \text{ m}$  e  $t = 0,100 \text{ s}$ , a aceleración é:

$$a(2,0,1) = -9,87 \cdot 10^3 \text{ sen}(100 \cdot \pi \cdot 0,100 - 5,00 \cdot \pi \cdot 2,00) = -9,87 \cdot 10^3 \cdot \text{sen}(0) = 0 \text{ m/s}^2$$

(Se a ecuación de onda escríbese en función do coseno, en vez do seno, as respostas serían:

$$y(2, 0,1) = 0,100 \text{ m e } a(2,0,1) = -9,87 \cdot 10^3 \text{ m/s}^2)$$

*Análise: A aceleración é proporcional e de sentido contrario á elongación. Se a elongación é nula tamén o é a aceleración.*c) Nun instante  $t$ , a diferenza de fase entre dous puntos situados en  $x_1$  e  $x_2$  é:

$$\Delta\varphi = [(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x_2)] - [(100 \cdot \pi \cdot t - 5,00 \cdot \pi \cdot x_1)] = 5,00 \cdot \pi (x_1 - x_2) = 5,00 \cdot \pi \cdot \Delta x$$

Como están en oposición de fase, a diferenza de fase é  $\pi$  [rad]

$$5,00 \text{ [rad/m]} \cdot \pi \cdot \Delta x = \pi \text{ [rad]}$$

$$\Delta x = 1 \text{ [rad]} / (5,00 \text{ [rad/m]}) = 0,200 \text{ m}$$

*Análise: A lonxitude de onda é a distancia mínima entre dous puntos que están en fase. A distancia mínima entre dous puntos que están en oposición de fase é:  $\Delta x = \lambda / 2 = 0,200 \text{ m}$ , que coincide co calculado.*

4. Unha onda harmónica propágase en dirección  $x$  con velocidade  $v = 10$  m/s, amplitude  $A = 3$  cm e frecuencia  $f = 50$  s<sup>-1</sup>. Calcula:
- A ecuación da onda.
  - A velocidade e aceleración máxima dun punto da traxectoria.
  - Para un tempo fixo  $t$ , que puntos da onda están en fase co punto  $x = 10$  m?

(P.A.U. set. 10)

**Rta.:** a)  $y = 0,0300 \text{ sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 10 \cdot \pi \cdot x)$  [m]; b)  $v_m = 9,42$  m/s;  $a_m = 2,96 \cdot 10^3$  m/s<sup>2</sup>  
 c)  $x' = 10,0 + 0,200 \cdot n$  [s], ( $n = 0, 1, 2 \dots$ )

**Datos**

Velocidade de propagación

Amplitude

Frecuencia

Posición do punto

**Incógnitas**

Ecuación da onda

Velocidade máxima

Aceleración máxima

Puntos da onda que están en fase co punto en  $x = 10$  m**Outros símbolos**

Pulsación (frecuencia angular)

Número de onda

**Ecuacións**

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

**Cifras significativas: 3** $v_p = 10,0$  m/s $A = 3,00$  cm = 0,0300 m $f = 50,0$  s<sup>-1</sup> $x_2 = 10,0$  m $\omega, k$  $v_m$  $a_m$  $x'$  $\omega$  $k$  $y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$  $k = 2\pi / \lambda$  $\omega = 2\pi \cdot f$  $v_p = \lambda \cdot f$ **Solución:**

- a) Tómase a ecuación dunha onda harmónica en sentido positivo do eixe  $X$ :

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t - k \cdot x)$$

Calcúlase a frecuencia angular a partir da frecuencia:

$$\omega = 2\pi \cdot f = 2 \cdot 3,14 \cdot 50,0 \text{ [s}^{-1}] = 100 \cdot \pi \text{ [rad} \cdot \text{s}^{-1}] = 314 \text{ rad} \cdot \text{s}^{-1}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir da velocidade de propagación da onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f \Rightarrow \lambda = \frac{10,0 \text{ [m/s]}}{50,0 \text{ [s}^{-1}]} = 0,200 \text{ m}$$

Calcúlase o número de onda a partir da lonxitude de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{0,200 \text{ [m]}} = 10,0 \cdot \pi \text{ [rad/m]} = 31,4 \text{ rad/m}$$

A ecuación de onda queda:

$$y(x, t) = 0,0300 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$$

- b) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d\{0,0300 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x)\}}{dt} = 0,0300 \cdot 100 \cdot 3,14 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s]}$$

$$v = 9,42 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s]}$$

A velocidade é máxima cando  $\cos(\varphi) = 1$

$$v_m = 9,42 \text{ m/s}$$

A aceleración obtense derivando a velocidade con respecto ao tempo:



$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d\{9,42 \cdot \cos(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x)\}}{dt} = -9,42 \cdot 100 \cdot 3,14 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

$$a = -2,96 \cdot 10^3 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

A aceleración é máxima cando  $\text{sen}(\varphi) = -1$

$$a_m = 2,96 \cdot 10^3 \text{ m/s}^2$$

c) Nun instante  $t$ , a diferenza de fase entre dous puntos situados en  $x_1$  e  $x_2$  é:

$$\Delta\varphi = (100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x_2) - (100 \cdot \pi \cdot t - 10,0 \cdot \pi \cdot x_1) = 10 \cdot \pi \cdot (x_1 - x_2)$$

Dous puntos atópanse en fase cando a diferenza de fase é múltiplo de  $2\pi$ :

$$\Delta\varphi = 2\pi \cdot n \text{ (sendo } n = 0, 1, 2, \dots)$$

No caso de atoparse en fase cúmprese:

$$10 \cdot \pi \cdot (x_1 - x_2) = 2\pi \cdot n$$

$$x_1 - x_2 = 0,200 \cdot n \text{ [m]}$$

Substitúese o valor do punto  $x_2 = 10,0$  m e despéxase  $x_1$

$$x_1 = 20,0 \cdot n + x_2 = 10,0 + 0,200 \cdot n \text{ [m]}$$

Como a elección de cal é o punto 1 e cal o punto 2 é arbitraria, é máis xeral a expresión:

$$x' = 10,0 \pm 0,200 \cdot n \text{ [m]}$$

*Análise: Os puntos que están en fase atópanse a unha distancia que é múltiplo da lonxitude de onda,  $\Delta x = n \cdot \lambda = 0,200 \cdot n$  [m]*

5. A ecuación dunha onda é  $y(t, x) = 0,2 \text{ sen } \pi(100t - 0,1x)$ . Calcula:

- A frecuencia, o número de ondas  $k$ , a velocidade de propagación e a lonxitude de onda.
- Para un tempo fixo  $t$ , que puntos da onda están en fase co punto que se atopa en  $x = 10$  m?
- Para unha posición fixa  $x$ , para que tempos o estado de vibración dese punto está en fase coa vibración para  $t = 1$  s?

(P.A.U. xuño 10)

**Rta.:** a)  $f = 50,0$  Hz;  $k = 0,314$  rad/m;  $v = 1,00 \cdot 10^3$  m/s;  $\lambda = 20,0$  m; b)  $x = 10,0 + 20,0 \cdot n$  [m]

c)  $t = 1,00 + 0,0200 \cdot n$  [s], ( $n = 0, 1, 2 \dots$ )

### Datos

Ecuación da onda

Posición do punto

Tempo de referencia

### Incógnitas

Frecuencia

Número de ondas

Velocidade de propagación

Lonxitude de onda

Puntos da onda que están en fase co punto que se atopa en  $x = 10$  m

Tempos nos que a vibración está en fase coa vibración para  $t = 1$  s

### Outros símbolos

Pulsación (frecuencia angular)

Número de onda

### Ecuacións

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a frecuencia e o período

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

### Cifras significativas: 3

$$y = 0,200 \cdot \text{sen } \pi(100 \cdot t - 0,100 \cdot x) \text{ [m]}$$

$$x_2 = 10,0 \text{ m}$$

$$t_1 = 1,00 \text{ s}$$

$$f$$

$$k$$

$$v_p$$

$$\lambda$$

$$x'$$

$$t'$$

$$\omega$$

$$k$$

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

$$f = 1 / T$$

$$v_p = \lambda \cdot f$$

### Solución:

a) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y = 0,200 \cdot \text{sen} \pi(100 \cdot t - 0,100 \cdot x) = 0,200 \cdot \text{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 0,100 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$$

Frecuencia angular:  $\omega = 100 \cdot \pi \text{ [rad/s]} = 314 \text{ rad/s}$

Número de onda:  $k = 0,100 \cdot \pi \text{ [rad/m]} = 0,314 \text{ rad/m}$

Calcúlase a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{100 \cdot \pi \text{ [rad} \cdot \text{s}^{-1}]}{2\pi \text{ [rad]}} = 50,0 \text{ s}^{-1} = 50,0 \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2\pi \text{ [rad]}}{0,100 \cdot \pi \text{ [rad} \cdot \text{m}^{-1}]} = 20,0 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 20,0 \text{ [m]} \cdot 50,0 \text{ [s}^{-1}] = 1,00 \cdot 10^3 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$$

b) Nun instante  $t$ , a diferenza de fase entre dous puntos situados en  $x_1$  e  $x_2$  é:

$$\Delta\varphi = [\pi (100 \cdot t - 0,100 \cdot x_2)] - [\pi (100 \cdot t - 0,100 \cdot x_1)] = 0,100 \cdot \pi \cdot (x_1 - x_2)$$

Dous puntos atópanse en fase cando a diferenza de fase é múltiplo de  $2\pi$ :

$$\Delta\varphi = 2\pi \cdot n \text{ (sendo } n = 0, 1, 2, \dots)$$

Se se atopan en fase cúmprese:

$$0,100 \cdot \pi \cdot (x_1 - x_2) = 2\pi \cdot n$$

Substitúese o valor do punto  $x_2 = 10,0 \text{ m}$  e despéxase  $x_1$

$$x_1 = 20,0 \cdot n + x_2 = 10,0 + 20,0 \cdot n \text{ [m]}$$

Como a elección de cal é o punto 1 e cal o punto 2 é arbitraria, é máis xeral a expresión:

$$x' = 10,0 \pm 20,0 \cdot n \text{ [m]}$$

*Análise: Os puntos que están en fase atópanse a unha distancia que é múltiplo da lonxitude de onda,  $\Delta x = n \cdot \lambda = 20,0 \cdot n \text{ [m]}$*

c) Nun punto  $x$ , a diferenza de fase entre dous instantes  $t_1$  e  $t_2$  é

$$\Delta\varphi = [\pi (100 \cdot t_2 - 0,100 \cdot x)] - [\pi (100 \cdot t_1 - 0,100 \cdot x)] = 100 \pi (t_2 - t_1)$$

Se se atopan en fase cúmprese:

$$100 \cdot \pi (t_2 - t_1) = 2\pi \cdot n$$

Substitúese o valor do instante  $t_1 = 1,00 \text{ s}$  e despéxase  $t_2$ .

$$t_2 = 0,0200 \cdot n + t_1 = 1,00 \pm 0,0200 \cdot n \text{ [s]}$$

Como a elección de cal é o instante 1 e cal o instante 2 é arbitraria, é máis xeral a expresión:

$$t' = 1,00 \pm 0,0200 \cdot n \text{ [s]}$$

*Análise: O período pode calcularse a partir da frecuencia:  $T = 1 / f = 1 / (50,0 \text{ s}^{-1}) = 0,0200 \text{ s}$ . Os instantes en que están en fase son múltiplos do período.  $\Delta t = n \cdot T = 0,0200 \cdot n \text{ [s]}$*

6. A ecuación dunha onda é  $y(x, t) = 2 \cos 4\pi (5 t - x)$  (S.I.). Calcula:

a) A velocidade de propagación.

b) A diferenza de fase entre dous puntos separados 25 cm.

c) Na propagación dunha onda que se transporta materia ou enerxía? Xustifícao cun exemplo.

(P.A.U. xuño 09)

**Rta.:** a)  $v_p = 5,00$  m/s; b)  $\Delta\varphi = \pi$  rad

**Datos**

Ecuación da onda  
Distancia entre os puntos

**Incógnitas**

Velocidade de propagación  
Diferenza de fase entre dous puntos separados 25 cm

**Outros símbolos**

Pulsación (frecuencia angular)  
Frecuencia  
Lonxitude de onda  
Número de onda

**Cifras significativas: 3**

$y = 2,00 \cdot \cos 4 \pi (5,00 \cdot t - x)$  [m]  
 $\Delta x = 25,0$  cm = 0,250 m

$v_p$   
 $\Delta\varphi$

$\omega$   
 $f$   
 $\lambda$   
 $k$

**Ecuacións**

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional  
Número de onda  
Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia  
Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$   
 $k = 2 \pi / \lambda$   
 $\omega = 2 \pi \cdot f$   
 $v_p = \lambda \cdot f$

**Solución:**

a) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y = 2,00 \cdot \cos 4 \pi (5,00 \cdot t - x) = 2,00 \cdot \cos(20,0 \cdot \pi \cdot t - 4,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$$

Frecuencia angular:  $\omega = 20,0 \cdot \pi$  [rad/s] = 62,8 rad/s

Número de onda:  $k = 4,00 \cdot \pi$  [rad/m] = 12,6 rad/m

Calcúlanse a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{20,0 \cdot \pi \text{ [rad} \cdot \text{s}^{-1}]}{2\pi \text{ [rad]}} = 10,0 \text{ s}^{-1} = 10,0 \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2\pi \text{ [rad]}}{4,00 \cdot \pi \text{ [rad} \cdot \text{m}^{-1}]} = 0,500 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 0,500 \text{ [m]} \cdot 10,0 \text{ [s}^{-1}] = 5,00 \text{ m} \cdot \text{s}^{-1}$$

b) Nun instante  $t$ , a diferenza de fase entre dous puntos situados en  $x_1$  e  $x_2$  é:

$$\Delta\varphi = [4 \pi (5,00 \cdot t - x_2)] - [4 \pi (5,00 \cdot t - x_1)] = 4 \pi (x_1 - x_2) = 4 \pi \Delta x = 4 \pi \cdot 0,250 = \pi \text{ rad}$$

*Análise:* A distancia entre os puntos é 0,250 m que é a metade da lonxitude de onda. Como os puntos que están en fase ou cuxa diferenza de fase é múltiplo de  $2 \pi$  atópanse a unha distancia que é múltiplo da lonxitude de onda, unha distancia de media lonxitude de onda corresponde a unha diferenza de fase da metade de  $2 \pi$ , ou sexa,  $\pi$  rad.

c) Unha onda é un mecanismo de transporte de enerxía sen desprazamento neto de materia. Nunha onda lonxitudinal dunha corda vibrante, as partículas do medio volven á súa posición inicial mentres a perturbación que provoca a elevación e depresión desprázase ao longo da corda.

7. Unha onda harmónica transversal propágase na dirección do eixe  $X$ :  $y(x, t) = 0,5 \sin(4x - 6t)$  (S.I.).  
Calcula:

a) A lonxitude de onda, a frecuencia coa que vibran as partículas do medio e a velocidade de propagación da onda.

- b) A velocidade dun punto situado en  $x = 1$  m no instante  $t = 2$  s  
 c) Os valores máximos da velocidade e a aceleración.

(P.A.U. set. 08)

**Rta.:** a)  $\lambda = 1,57$  m;  $f = 0,955$  Hz;  $v_p = 1,50$  m/s; b)  $v_1 = 0,437$  m/s; c)  $v_m = 3,00$  m/s;  $a_m = 18,0$  m/s<sup>2</sup>

**Datos**

Ecuación da onda

**Incógnitas**

Lonxitude de onda

Frecuencia

Velocidade de propagación

Velocidade dun punto situado en  $x = 1$  m no instante  $t = 2$  s

Velocidade máxima

Aceleración máxima

**Outros símbolos**

Posición do punto (distancia ao foco)

Amplitude

**Ecuacións**

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

**Cifras significativas: 3**

$$y = 0,500 \cdot \text{sen}(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x) \text{ [m]}$$

$$\lambda$$

$$f$$

$$v_p$$

$$v_1$$

$$v_m$$

$$a_m$$

$$x$$

$$A$$

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

$$v_p = \lambda \cdot f$$

**Solución:**

- a) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y = 0,500 \cdot \text{sen}(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x) \text{ [m]}$$

Frecuencia angular:

$$\omega = 6,00 \text{ rad}\cdot\text{s}^{-1}$$

Número de onda:

$$k = 4,00 \text{ rad}\cdot\text{m}^{-1}$$

Cálculase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{4,00 \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}]} = 1,57 \text{ m}$$

Cálculase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{6,00 \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}]}{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}} = 0,955 \text{ s}^{-1} = 0,955 \text{ Hz}$$

A frecuencia coa que vibran as partículas do medio é a mesma que a da onda.

Cálculase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 1,57 \text{ [m]} \cdot 0,955 \text{ [s}^{-1}] = 1,50 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$$

- b) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d}{dt} \left[ 0,500 \cdot \text{sen}(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x) \right] = 0,500 \cdot (-6,00) \cdot \cos(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

$$v = -3,00 \cdot \cos(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

Substituíndo os valores de  $x = 1,00$  m e  $t = 2,00$  s

$$v_1 = -3,00 \cdot \cos(-6,00 \cdot 2,00 + 4,00 \cdot 1,00) = 0,437 \text{ m/s}$$

- c) A velocidade é máxima cando  $\cos(\varphi) = -1$

$$v_m = 3,00 \text{ m/s}$$

A aceleración obtense derivando a velocidade con respecto ao tempo:

$$a = \frac{dv}{dt} = \frac{d[-3,00 \cdot \cos(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x)]}{dt} = -3,00 \cdot (-6,00) \cdot [-\text{sen}(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x)] \text{ [m/s}^2\text{]}$$

$$a = -18,0 \text{ sen}(-6,00 \cdot t + 4,00 \cdot x) \text{ [m/s}^2\text{]}$$

A aceleración é máxima cando  $\text{sen}(\varphi) = -1$

$$a_m = 18,0 \text{ m/s}^2$$

8. A ecuación dunha onda sonora que se propaga na dirección do eixe  $X$  é:

$$y = 4 \text{ sen } 2\pi (330 t - x) \text{ (S.I.)}. \text{ Acha:}$$

- A velocidade de propagación.
- A velocidade máxima de vibración dun punto do medio no que se transmite a onda.
- Define a enerxía dunha onda harmónica.

(P.A.U. set. 07)

**Rta.:** a)  $v_p = 330 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$ ; b)  $v_m = 8,29 \cdot 10^3 \text{ m/s}$

### Datos

Ecuación da onda

### Incógnitas

Velocidade de propagación

Velocidade máxima de vibración dun punto do medio

### Outros símbolos

Amplitude

Frecuencia

Posición do punto (distancia ao foco)

Período

Lonxitude de onda

### Ecuacións

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

### Cifras significativas: 3

$$y = 4,00 \cdot \text{sen}[2\pi(330 \cdot t - x)] \text{ [m]}$$

$v_p$

$v_m$

$A$

$f$

$x$

$T$

$\lambda$

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

$$v_p = \lambda \cdot f$$

### Solución:

a) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \text{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y = 4,00 \cdot \text{sen}[2\pi(330 \cdot t - x)] = 4,00 \cdot \text{sen}(660 \cdot \pi \cdot t - 2,00 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$$

Frecuencia angular:  $\omega = 660 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}] = 2,07 \cdot 10^3 \text{ rad}\cdot\text{s}^{-1}$

Número de onda:  $k = 2,00 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}] = 6,28 \text{ rad}\cdot\text{m}^{-1}$

Calcúlanse a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2\pi \text{ [rad]}}{2,00 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}]} = 1,00 \text{ m}$$

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{660 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}]}{2\pi \text{ [rad]}} = 330 \text{ s}^{-1} = 330 \text{ Hz}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 1,00 \text{ [m]} \cdot 330 \text{ [s}^{-1}] = 330 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$$

b) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d \left[ 4,00 \cdot \sin[2\pi(330 \cdot t - x)] \right]}{dt} = 4,00 \cdot 2 \cdot 3,14 \cdot 330 \cdot \cos[2\pi(330 \cdot t - x)] \text{ [m/s]}$$

$$v = 8,29 \cdot 10^3 \cdot \cos[2\pi(330 \cdot t - x)] \text{ [m/s]}$$

A velocidade é máxima cando  $\cos(\varphi) = -1$

$$v_m = 8,29 \cdot 10^3 \text{ m/s}$$

c) A enerxía que transmite unha onda harmónica produce un movemento harmónico simple das partículas do medio. A enerxía dun M.H.S. é:

$$E = (E_c + E_p) = \frac{1}{2} m \cdot v^2 + \frac{1}{2} k \cdot x^2 = \frac{1}{2} m \cdot v_m^2 = \frac{1}{2} k \cdot A^2$$

A velocidade máxima dun movemento harmónico simple é:

$$v_m = \omega \cdot A = 2\pi \cdot f \cdot A$$

A enerxía que transporta unha onda é directamente proporcional ao cadrado da amplitude e ao cadrado da frecuencia.

$$E = \frac{1}{2} m \cdot v_m^2 = 2\pi^2 \cdot m \cdot f^2 \cdot A^2$$

9. A ecuación dunha onda transversal é  $y(t, x) = 0,05 \cos(5t - 2x)$  (magnitudes no S.I.). Calcula:

- Os valores de  $t$  para os que un punto situado en  $x = 10$  m ten velocidade máxima.
- Que tempo ten que transcorrer para que a onda percorra unha distancia igual a  $3\lambda$ ?
- Esta onda é estacionaria?

(P.A.U. xuño 07)

**Rta.:** a)  $t_1 = 4,3 + 0,63n$  [s], ( $n = 0, 1, 2 \dots$ ); b)  $t_2 = 3,8$  s

#### Datos

Ecuación da onda

Posición do punto (distancia ao foco)

#### Incógnitas

Tempos para os que un punto en  $x = 10$  m ten velocidade máxima

Tempo para que a onda percorra unha distancia igual a  $3\lambda$

#### Outros símbolos

Período

Lonxitude de onda

#### Ecuacións

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a frecuencia e o período

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

#### Cifras significativas: 3

$$y = 0,0500 \cdot \cos(5,00 \cdot t - 2,00 \cdot x) \text{ [m]}$$

$$x = 10,0 \text{ m}$$

$$t_1$$

$$t_2$$

$$T$$

$$\lambda$$

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

$$f = 1 / T$$

$$v_p = \lambda \cdot f$$

#### Solución:

a) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d \left[ 0,050 \cos(5,00 \cdot t + 2,00 \cdot x) \right]}{dt} = -0,050 \cdot 5,00 \cdot \sin(5,00 \cdot t + 2,00 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

$$v = -0,250 \cdot \sin(5,00 \cdot t - 2,00 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

A velocidade é máxima cando  $\sin(\varphi) = -1$

$$v_m = 0,250 \text{ m/s}$$

Este valor do seno corresponde a un ángulo de  $\varphi = \pi/2$  ou  $3\pi/2$  [rad] na primeira circunferencia, e, en xeral

$$\varphi = n \cdot \pi + \pi / 2 \text{ [rad]}$$

Sendo  $n$  un número natural ( $n = 0, 1, 2, \dots$ )

Igualando e substituíndo  $x = 10,0$  m

$$(5,00 t - 2,00 \cdot 10,0) = n \cdot \pi + \pi / 2$$

$$t_1 = 4,00 + 0,100 \cdot \pi + 0,200 \cdot n \cdot \pi = 4,31 + 0,628 \cdot n \text{ [s]}$$

*Análise: A primeira vez que a velocidade é máxima para  $x = 10 \text{ m}$  é ( $n = 0$ ) para  $t = 4,31 \text{ s}$ . O período pode calcularse a partir da frecuencia no apartado b:  $T = 1 / f = 1 / (0,796 \text{ s}^{-1}) = 1,26 \text{ s}$ . O tempo volverá ser máximo cada vez que pase polo punto de equilibrio, ou sexa, cada medio período:  $0,628 \text{ s}$ .*

b) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y(t, x) = 0,0500 \cdot \cos(5,00 \cdot t - 2,00 \cdot x)$$

Frecuencia angular:  $\omega = 5,00 \text{ rad/s}$

Número de onda:  $k = 2,00 \text{ rad/m}$

Calcúlanse a lonxitude de onda e a frecuencia para determinar a velocidade de propagación.

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{5,00 \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}]}{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}} = 0,796 \text{ s}^{-1} = 0,796 \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{2,00 \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}]} = 3,14 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 3,14 \text{ [m]} \cdot 0,796 \text{ [s}^{-1}] = 2,50 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$$

Calcúlase o tempo que tarda en percorrer unha distancia igual a  $\Delta x = 3 \cdot \lambda = 3 \cdot 3,14 \text{ [m]} = 9,42 \text{ m}$  a partir da velocidade de propagación constante da onda

$$v_p = \frac{\Delta x}{\Delta t} \Rightarrow t_2 = \frac{\Delta x}{v_p} = \frac{9,42 \text{ [m]}}{2,50 \text{ [m/s]}} = 3,77 \text{ s}$$

*Análise: Pódese definir o período como o tempo que tarda unha onda en percorrer unha distancia igual á lonxitude de onda. Por tanto o tempo necesario para que a onda percorra unha distancia igual a  $3 \cdot \lambda$ , será o triplo do período:  $t_2 = 3 \cdot T = 3 \cdot 1,26 \text{ [s]} = 3,77 \text{ s}$ .*

c) As ondas estacionarias non se propagan e non hai unha transmisión neta de enerxía.

Nas ondas estacionarias existen uns puntos, chamados nodos, que non oscilan. O seu elongación é nula en todo instante.

A onda do enunciado non é unha onda estacionaria xa que a ecuación da onda non coincide coa das ondas estacionarias e non existe ningún punto da onda que sexa un nodo, que teña unha elongación nula en calquera instante.

10. Unha onda transmítese ao longo dunha corda. O punto situado en  $x = 0$  oscila segundo a ecuación

$$y = 0,1 \cos(10 \pi t) \text{ e outro punto situado en } x = 0,03 \text{ m oscila segundo a ecuación}$$

$$y = 0,1 \cos(10 \pi t - \pi / 4). \text{ Calcula:}$$

a) A constante de propagación, a velocidade de propagación e a lonxitude de onda.

b) A velocidade de oscilación dun punto calquera da corda.

(P.A.U. xuño 06)

**Rta.:** a)  $k = 26,2 \text{ rad/m}$ ;  $v_p = 1,20 \text{ m/s}$ ;  $\lambda = 0,240 \text{ m}$ ; b)  $v = -3,14 \cdot \text{sen}(31,4 \cdot t - 26,2 \cdot x) \text{ [m/s]}$

### Datos

Ecuación de oscilación na orixe  $x = 0$

Ecuación de oscilación en  $x = 0,03 \text{ m}$

### Incógnitas

Número de onda (constante de propagación?)

Velocidade de propagación

### Cifras significativas: 3

$$y = 0,100 \cdot \cos(10,0 \cdot \pi \cdot t) \text{ [m]}$$

$$y = 0,100 \cdot \cos(10,0 \cdot \pi \cdot t - \pi / 4,00) \text{ [m]}$$

$k$

$v_p$

**Datos**

Lonxitude de onda  
 Velocidade da partícula nun punto calquera da corda.

**Cifras significativas: 3**

$\lambda$   
 $v$

**Outros símbolos**

Posición do punto (distancia ao foco)

$x$

Amplitude

$A$

Frecuencia

$f$

**Ecuacións**

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

Número de onda

$$k = 2\pi / \lambda$$

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

$$v_p = \lambda \cdot f$$

**Solución:**

a) Calcúlase a amplitude e a frecuencia angular comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación de vibración na orixe:

Ecuación xeral dunha onda harmónica:

$$y = A \cdot \cos(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

Ecuación da onda harmónica na orixe ( $x = 0$ ):

$$y = 0,100 \cdot \cos(10,0 \cdot \pi \cdot t) \text{ [m]}$$

Amplitude:

$$A = 0,100 \text{ m}$$

Frecuencia angular:

$$\omega = 10,0 \cdot \pi \text{ [rad/s]} = 31,4 \text{ rad/s}$$

Calcúlase o número de onda comparando a ecuación da onda harmónica unidimensional, na que se substituíron a amplitude e a frecuencia angular, coa ecuación de vibración no punto  $x = 0,0300$  m:

Ecuación da onda harmónica:

$$y = 0,100 \cdot \cos(10,0 \cdot \pi \cdot t \pm k \cdot x) \text{ [m]}$$

Ecuación da onda harmónica no punto  $x = 0,0300$  m:

$$y = 0,100 \cdot \cos(10,0 \cdot \pi \cdot t - \pi / 4,00) \text{ [m]}$$

$$k \cdot x = \frac{\pi}{4,00} \Rightarrow k = \frac{\pi}{4,00 \cdot x} = \frac{3,14 \text{ [rad]}}{4,00 \cdot 0,0300 \text{ [m]}} = 26,2 \text{ rad/m}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2 \cdot 3,14 \text{ [rad]}}{26,2 \text{ [rad/m]}} = 0,240 \text{ m}$$

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{10,0 \cdot \pi}{2\pi} = 5,00 \text{ s}^{-1} = 5,00 \text{ Hz}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 0,240 \text{ [m]} \cdot 5,00 \text{ [s}^{-1}] = 1,20 \text{ m/s}$$

b) A ecuación de movemento queda:

$$y = 0,100 \cdot \cos(31,4 \cdot t - 26,2 \cdot x) \text{ [m]}$$

A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d}{dt} [0,100 \cdot \cos(31,4 \cdot t - 26,2 \cdot x)] = -0,100 \cdot 31,4 \cdot \text{sen}(31,4 \cdot t - 26,2 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

$$v = -3,14 \cdot \text{sen}(31,4 \cdot t - 26,2 \cdot x) \text{ [m/s]}$$

11. Unha onda periódica vén dada pola ecuación  $y(t, x) = 10 \text{ sen } 2\pi(50 t - 0,2 x)$  en unidades do S.I. Calcula:

a) Frecuencia, velocidade de fase e lonxitude de onda.

b) A velocidade máxima dunha partícula do medio e os valores do tempo  $t$  para os que esa velocidade é máxima (nun punto que dista 50 cm da orixe)

(P.A.U. set. 05)

**Rta.:** a)  $f = 50,0$  Hz;  $\lambda = 5,00$  m;  $v_p = 250$  m/s; b)  $v_m = 3,14$  km/s;  $t = 0,00200 + 0,0100 \cdot n$  [s], ( $n = 0, 1, \dots$ )



**Datos**

Ecuación da onda (S.I.)

Posición do punto (distancia ao foco)

**Incógnitas**

Frecuencia

Velocidade de fase

Lonxitude de onda

Tempo para os que  $y(t, x)$  é máxima na posición  $x = 50$  cm**Outros símbolos**

Período

**Ecuacións**

Ecuación dunha onda harmónica unidimensional

Número de onda

Relación entre a frecuencia e o período

Relación entre a frecuencia angular e a frecuencia

Relación entre a lonxitude de onda e a velocidade de propagación

**Cifras significativas: 3**

$$y = 10,0 \operatorname{sen}[2\pi(50,0 \cdot t - 0,200 \cdot x)] \text{ [m]}$$

$$x = 50,0 \text{ cm} = 0,500 \text{ m}$$

 $f$  $v_p$  $\lambda$  $t$  $T$ 

$$y = A \cdot \operatorname{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$k = 2\pi / \lambda$$

$$f = 1 / T$$

$$\omega = 2\pi \cdot f$$

$$v_p = \lambda \cdot f$$

**Solución:**

a) Obtéñense a frecuencia angular e o número de onda comparando a ecuación dunha onda harmónica unidimensional coa ecuación do problema:

$$y = A \cdot \operatorname{sen}(\omega \cdot t \pm k \cdot x)$$

$$y = 10,0 \cdot \operatorname{sen}[2\pi(50,0 \cdot t - 0,200 \cdot x)] = 4,00 \cdot \operatorname{sen}(100 \cdot \pi \cdot t - 0,400 \cdot \pi \cdot x) \text{ [m]}$$

Frecuencia angular:  $\omega = 100 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}] = 314 \text{ rad}\cdot\text{s}^{-1}$ Número de onda:  $k = 0,400 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}] = 1,26 \text{ rad}\cdot\text{m}^{-1}$ 

Calcúlase a frecuencia a partir da frecuencia angular:

$$\omega = 2\pi \cdot f \Rightarrow f = \frac{\omega}{2\pi} = \frac{100 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{s}^{-1}]}{2\pi \text{ [rad]}} = 50,0 \text{ s}^{-1} = 50,0 \text{ Hz}$$

Calcúlase a lonxitude de onda a partir do número de onda:

$$k = \frac{2\pi}{\lambda} \Rightarrow \lambda = \frac{2\pi}{k} = \frac{2\pi \text{ [rad]}}{0,400 \cdot \pi \text{ [rad}\cdot\text{m}^{-1}]} = 5,00 \text{ m}$$

Calcúlase a velocidade de propagación da onda a partir da lonxitude de onda e da frecuencia:

$$v_p = \lambda \cdot f = 5,00 \text{ [m]} \cdot 50,0 \text{ [s}^{-1}] = 250 \text{ m}\cdot\text{s}^{-1}$$

b) A velocidade obtense derivando a ecuación de movemento con respecto ao tempo:

$$v = \frac{dy}{dt} = \frac{d[10,0 \cdot \operatorname{sen}[2\pi(50,0 \cdot t - 0,200 \cdot x)]]}{dt} = 10,0 \cdot 2 \cdot 3,14 \cdot 50,0 \cdot \cos[2\pi(50,0 \cdot t - 0,200 \cdot x)] \text{ [m/s]}$$

$$v = 3,14 \cdot 10^3 \cdot \cos[2\pi(50,0 \cdot t - 0,200 \cdot x)] \text{ [m/s]}$$

A velocidade é máxima cando  $\cos(\varphi) = -1$ 

$$v_m = 3,14 \cdot 10^3 \text{ m/s}$$

Este valor do coseno corresponde a un ángulo de  $\varphi = 0$  ou  $\pi$  [rad] na primeira circunferencia, e, en xeral

$$\varphi = n \cdot \pi \text{ [rad]}$$

Sendo  $n$  un número natural ( $n = 0, 1, 2, \dots$ )Igualando e substituindo  $x = 0,500$  m

$$2\pi(50,0 \cdot t - 0,200 \cdot 0,500) = n \cdot \pi$$

$$t = 0,00200 + 0,0100 \cdot n \text{ [s]}, (n = 0, 1, 2, \dots)$$

